

Salón
Internacional
de Humor de
Brasil



Páxina 8

XXI
Aniversario
da Asociación
Galicia en
Asturias



Páxina 11

Mostra de
Viños en
Castro
Caldelas



Páxina 12

XXX Festival
de Poesía do
Condado



Páxina 18

XV Edición
de Merca
na rúa



Páxina 22

“Arde” Galicia en Festas



Un icone de referencia
no Turismo



Granjas – Paços 4960-180
Melgaço pt
G.P.S. N- 42° 7' 52,62''
W -8° 13' 19,90''

TEL. 351 934 800 124
Mail- info@casadaspesqueiras.com
Web- casadaspesqueiras.com



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema



Cultura de coalición

Os sistemas parlamentarios baseados nalgunha caste de proporcionalidade non coñecen as maiorías absolutas. A Europa máis adiantada (Escandinavia, Holanda, Bélxica, Alemaña, Austria) é un bó exemplo disto. Nestes sistemas xurídico-políticos (os máis avanzados e inclusivos) o voto produce unha gobernanza plural, a medio de coalicións poselectorais de goberno. Afastan, deste xeito, o risco dos abusos propios das maiorías absolutas (que tan ben coñecemos na Galicia con Fraga, Feijóo e Paco Vázquez ou no Estado español con Felipe González, Aznar ou Rajoy) e obrigan aos seus axentes políticos a negociar, renunciando e pactando todos, na procura de programas de goberno de ampla base e aceptación cidadá.

O PP (en si mesmo unha coalición de intereses non sempre ben compatíbeis) leva mallando moitos anos nas inconveniencias das coalicións. O PP, que ás veces semella que asumiu só algunhas formas da cultura democrática e non a súa substancia, defende “un só que mande fronte aos bipartitos, tripartitos e cuatripartitos”. Velaí o caso actual do bloqueo institucional que vive o Estado; disque Rajoy quitou sete millóns de votos, mais esquecense que outros catorce millóns votaron outras forzas. Nos sistemas parlamentarios,

cando ningún quita maioría absoluta e a candidatura máis votada non sabe ou non pode pactar, outros constrúen a coalición de goberno, porque por xunto representan máis votos, máis deputados e máis país ca a forza máis votada.

No caso das eleccións nacionais galegas do 25-S non corremos o risco de bloqueo institucional, porque calquera representación obtida por forzas distintas do PP e de Ciudadanos apoiará un goberno alternativo se esas dúas forzas non acadan maioría abonda xuntas. E cómpre considerarmos que, fronte aos votantes de Caballero ou Lores nas municipais, os electores do PSdeG, BNG, En Marea ou Compromiso coñecen perfectamente desta volta que os votos de cadanseu partido non dan por si e teñen que se entender xuntos. Velaí a oportunidade, mesmo en termos de pedagogía política.

Nas coalicións de goberno multiplícase a transparencia e a rendición de contas e todos teñen que renunciar ás súas pretensións e pensar nun goberno para as maiorías sociais. As decisións son máis medidas e consensuadas e, xa que logo, máis efectivas.

A quen lle interesan as maiorías absolutas?

Por: Ramón Coira Luaces



A necesidade do nacionalismo

Ante estas eleccións e, sen desprezar as aportacións que fixeron a Galicia persoas non nacionalistas, quero destacar a importancia que para este país ten o nacionalismo. Os nacionalistas non só son as e os que soñan e defenden o país con máis enerxía, senón os que o manteñen vivo como realidade diferenciada: os mellores defensores dos intereses das clases populares, dos nosos sectores produtivos, do noso idioma e cultura propias, do noso patrimonio natural e... en xeral dos

nosos lexítimos intereses como galegos e galegos; facéndonos sentir orgullosos do noso. Un nacionalismo que conxuga idealismo e realismo, que non nos leve ao inferno nin nos venda a nós e a Galicia por prebendas persoais, que nos ofrezca unha alternativa fronte ao caciquismo e ás políticas entreguistas e de-

predadoras do PP (co noso patrimonio lingüístico, cultural e natural e cos sectores máis desfavorecidos da nosa sociedade). Porén a alternativa ao PP será plural e eu defendo que o

BNG ten que estar presente e, con canto máis forza, mellor; polo compromiso histórico da organización e da súa militancia co país. Temos que crer en nós mesmos e nas nosas capacidades, erguéndonos dignamente, porque outra Galiza é posible. Está claro que se cometeron

erros, como o de non saber integrar as distintas sensibilidades internas; pero o BNG nunca traicionou os intereses lexítimos de Galiza e do pobo galego, como fai acotío o Goberno de Feijóo. O BNG -entendo eu- estase rexenerando mentres camiña e coido que merece o noso apoio e confianza; porque é o mellor para Galiza.



Por Francisco Alvarez “Koki”

Quedei sorprendido este ano no mes de Xaneiro, cando me informei polos medios de comunicación, pola presentación de la Vuelta a España no Palacio de Congresos, de Santiago de Compostela. Parece ser que máis que na edición anterior, varias das etapas discurrirán pola xeografía galega. Quedei sorprendido, preocupado e doído como galego que ama ao ciclismo. Non sei de onde lle saíu agora ao noso goberno galego tanta ilusión polo ciclismo. Tamén puidera ser que o quixeran utilizar como ferramenta turística.

O certo é que nestes últimos anos hai un folclorismo patético arredor do deporte do pedal. O que máis me sorprende é a complicidade do ciclismo galego co goberno, xa que gracias ás súas actitudes estamos como estamos. Porque foi este goberno quen, nada mais chegar ao poder, desfixo as ilusións dos nosos ciclistas profesionais. Polo tanto, penso que todo o ciclismo galego, debía de estar ausente nesa presentación.

Escribo este artigo, en vésperas da saída de la Vuelta a España, por que non puiden menos que sentir noxo. Sabemos que as bases do ciclismo, son os clubes, que fomentan afeccións e preparan aos ciclistas nas diferentes categorías. Pero, que pasa cando chegan ao eido profesional?. É aí onde se precisa toda axuda posible para coroar ese soño do corredor ciclista.

Fagamos un pouco de historia, para que non esqueamos, por que esquencer é ter a covardía de non recoñecer o pasado.

O 27 de Abril do 2006, aparece un artigo no xornal El País, onde se anunciaba, dende a Consellaría de Cultura e Deporte, e a través

O calvario do ciclismo galego



do que sería a Fundación do Ciclismo Galego, o nacemento dun equipo profesional galego, baixo o patrocinio do ex. xogador do celta Valery Karpin. Nese intre o Director Xeral para o Deporte era Santiago Domínguez Oliveira.

A iniciativa privada de Valery Karpin, S. L. e Caixanova financiarían o 67% do orzamento que ascendía a 3.7 millóns de euros, o restante 33% sería posto pola Xunta e a Deputación da Coruña.

Na súa primeira aparición no ano 2007, o Karpin Galicia, tivo moito éxito, onde ademais de gañar etapas en distintas probas, conseguiron un meritorio quinto posto en la Vuelta a España que ganaría Denis Menchov.

No 2008 comezaron gañando unha etapa na Volta a Cataluña, que sería para o corredor, Gustavo Cesar Veloso. Pero foi neste fatídico ano en que o Karpin e os cartos do patrocini-

nio desapareceron e crearon un ambiente caótico, que nese momento a Xunta de Galicia resolveu. E o día 15 de Agosto dese mesmo ano decidiron o total patrocinio do equipo galego. Dende ese momento pasaría a chamarse Xacobeo Galicia, aportando o goberno galego, os cartos do patrocinador Valery Karpin, quen no ano 2010 sería xulgado e condenado a pagar ao equipo dous millóns de euros.

No 2009 prodúcese un cambio na cor do Goberno Galego: o Partido Popular relevaba ao bipartito do B.N.G. e P.S.O.E. O novo secretario xeral para o deporte pasa a ser José Ramón Lete Lasa.

O 2010, foi un ano de incertidume, xa que o director do equipo Álvaro Pino, anuncia que esa sería a súa última temporada na escuadra galega. Desexando que o equipo durase moitas temporadas máis. Así neste ambiente

camaleónico, vivían os seus corredores, e nese mesmo ano o corredor Ezequiel Mosquera, ademais de ganar a etapa reina, que terminaba na mítica Bola do Mundo, queda segundo na Vuelta a España, detrás do gañador, o italiano Vincenzo Nibali, e Serafin Martínez sería segundo na clasificación da montaña.

A todo isto e a pesar dun comunicado, o día 9 de Setembro, de que a escuadra galega Xacobeo Galicia, continuaría un ano mais no pelotón, o 27 de Setembro, José Ramón Lete, Secretario Xeral para o Deporte, anunciou que a situación do equipo era moi delicada ao non encontrar patrocinador. Así, no día 30 de Setembro, fíxose publica a desaparición do equipo. O 7 de Outubro dese mesmo ano, na praza do Obradoiro, os galegos manifestáronse o seu rexeitamento á desaparición do equipo profesional galego. Nos distintos xornais galegos e do resto de España, apareceron notas do calvario que os corredores e os auxiliares pasaron para cobrar o que se lles debía. Parece ser que a día de hoxe xa se lles pagou ttodo, segundo a Fundación do ciclismo galego.

Non é preciso facer mais comentarios. Só preguntarlle a Serafin Martínez, por que colgou a bicicleta, e por que os corredores galegos tiveron que emigrar; algúns a Portugal, como Gustavo Cesar Veloso, que xa ganou a Volta a Portugal catro veces.

Agora que non nos vendan a moto co seu interese polo ciclismo despois de deixarnos tirados sen equipo profesional.



Por: Guillermo Rodríguez

Director



Daquí, dalá e dacolá

Darlle forma a un editorial no que se trate de resumir a situación actual, tanto política como social, resulta sempre complicado. Confeso que na maioría dos casos, e levo así máis de trinta anos, cando me encontro fronte a páxina do ordenador en branco sempre me pregunto de que podo escribir desta vez. Iso non quere dicir que días antes non matinara sobre que falar. Cando chega o momento veñen ao maxín tal remuíño de ideas que precisaría medio xornal para falar de todas, aínda que fose con brevidade. Claro que estamos a falar dun editorial cada quince o trinta días.

Hoxe é un deses días. Tituleino así porque vou tentar falar de varios asuntos, aquí, dalá e dacolá.

Antes de concretar permítanme insistir, unha vez máis, na miña teima (xa me dixeran que non lle gusta case a ninguén) da toxicidade dos medios de comunicación nestes momentos. Síntoo moito pero cada vez que me asomo ás páxinas dos xornais, e créanme que o fago unhas cantas veces cada día, reafirmome na miña profía. Hai unha ruta trazada a nivel mundial, da que os xornais aquí, dalí e dacolá, son simples cortinas de fume, que pretende, e o están a conseguir, sen dúbida, facernos crer nun mundo virtual que pouco ou nada ten que ver con aquel no que nós desexamos vivir. Pero iso non importa.

Canto máis avanza a ciencia maior é a aplicación das mensaxes dos oráculos de Delfos que nos anuncian un “Mundo feliz” ao xeito Aldous Huxley. A maquinaria informativa das grandes multinacionais (pertencentes na súa maioría ao

IBEX – 35) teñen un plan deseñado hai décadas que, nestes momentos, están aplicando dunha maneira inmisericorde sobre as nosas mentes e do que non somos quen de liberarnos.

latín ou a propia filosofía. Digo que son uns pobres tolos porque están fora do sistema. A un ordenador, a un robot, deses que din en pouco tempo van falar, pensar e decidir, para que

iso é unha licenza controlada do sistema. Algúns métese en política, que é como meterse na boca do lobo, así xa están controlados polo sistema. Outros resistense e van por libre; pero

guión está escrito tempos ha fora aquí, acolá, en Bruxelas, en Wasington, ou na China. Pouco importa. Ao mellor é nun apartamento deses dunha illa caribeña nun chalé con vistas o mar.

Aquí en Galicia tamén imos ter unha sesión de teatro. Non tan longa como en Madrid. Ata niso somos discriminados. Temos que resolvelo todo nunha única sesión. ¡que mágoa!, verdade?.

Estamos nestes momentos asistindo aos ensaios. Os artistas que van integrar a compañía que durante catro largos anos nos ofrecerán partituras de distintos compositores, nestes momentos estannos ofrecendo o mellor dos seus repertorios. Ben. Cada quen pode elixir. Hai quen está habituado a uns compositores clásicos, de sempre; que ofrecen unhas pezas propias para durmir tranquilos ou facer o amor sen sobresaltos. Outros queren sentir novas emocións e apostan por actores noveles; por composicións máis pegadas ao sentir popular, a ese ritmo frenético, moderno, que nos fai vibrar de emoción e, de paso, nos quéimanos calorías.

Temos que decidir por un dos dous modelos. Aínda que ningún nos vai permitir ser ceibes totalmente para pensar e actuar, debemos arriscarnos e probar novas sensacións.

Que vai ser da nosa vida sen novas emocións? Se apenas nos permiten xogar nun campo de terra fagámolo ao noso xeito. Arrísquense, voten polo futuro.



Porque o grave disto non é que nos estean a administrar, sibilinamente, pastillas informativas para alienarnos, drogarnos, facernos parvos, senón que a sociedade estao a aceptar cun macabro sorriso, sen decatarse de que a están a levar polo ao cadaleito cultural, racional, pensante.

Non fai falta pensar. A cibernética faino todo. Andan por aí uns cantos tolos, entre os que me conto, que se preguntan como é posible que se teñan retirado dos plans de estudos materias chamadas a propiciar un pensamento racional; chamadas a ensinar a pensar, a ser críticos, como poden ser grego, o

coño lles vai valer a filosofía ou o latín?

Teñen razón. Ás novas camadas, que diría o meu amigo Beiras, elles suficiente cun móbil deses da última xeración que o fan case todo. Ata pescan fantasmas virtuais pola rúa (léase Pokémmons).

O plan de medios está matinado para que ninguén se moleste en pensar. Hoxe os estudos de marketing teñen un enorme prestixio. Son os volantes dos autos que nos van levar a ese futuro mecánico, automático, cibernético no que non precisamos pensar. Quedan, aínda e por pouco tempo, grupos de desconformes, protestóns, pero

coidado, os límites do seu mundo xa están marcados pola lei mordaza, por exemplo. Non vaia ser que se desmanden máis aló do que da a manta, que dicía miña nai.

Temos alá, en Madrid, unha compañía de teatro (léase 350 deputados/as) que nos ofrecen “El gran teatro del mundo”. Xa van varias sesión, a cada cal máis divertida. Hai un pretendente a director de orquestra ao que non lle saen os números. Hai artistas que queren facerse ver e van por libre. Ata cando? É a pregunta que todos nos facemos.

En calquera caso, dure máis ou dure menos o espectáculo, o

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Miguel G. Montero

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez (luzro81@hotmail.com) - Montserrat Rodríguez (cursosospanhol.cep@gmail.com) - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán -Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - L. Mtnéz. Risco - Fco. Peña - Nemesio Barxa - Andrea GORO - Anxo Mena - I. Otero Varel - Susi Rodríguez

PORTUGAL: Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - Manuel Gonçalves -João Martinho.

MADRID: -Juan Louzán - BARCELONA : Fdez. Valdeorra - PAIS VASCO. Nicolás Xamargo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (KOKI)

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto -Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena, Pepe Carreiro, X. Marín, M. Fernández (HERMENAGER)

Depósito legal: VG-138-2015

Opinión

Por: Gonzalo Caballero Míguez

O 25 de setembro a cidadanía galega está chamada ás urnas. Os votos decidirán se Galicia vai manterse na senda de recortes, retroceso e inacción do goberno conservador de Feijoo, ou se o país pode abrir unha nova etapa que pretenda modernizar e dinamizar a economía e o benestar social do país.

Se a imaxe de poder e estabilidade proxectada pola dereita se impón no resultado electoral, o país seguirá nunha senda de resignación que asume que Galicia está condeada a perder peso económico, demográfico e benestar social, e que as políticas de axuste son suficientes.

Esta senda xa se coñece, e tamén os seus resultados. O goberno de Feijoo deixa unha Galicia en 2016 moito peor que a de 2009. Os sectores productivos son menos puxantes, hai menos emprego, uns servizos públicos recortados e menos oportunidades para a cidadanía. A realidade económica e social dos galegos non é boa, e milleiros de cidadáns tiveron que buscar oportunidades fora do país. E se isto ocorreu tralas dúas lexislaturas do goberno conservador, o escenario de futuro non é esperanzador coa dereita. A alternativa é un goberno progresista que non se resigne e plantexe un proxecto de cambio e futuro

Un cambio positivo para Galicia



para o país; que crea na política e na política económica, e que use todas as capacidades de goberno da Xunta para dinamizar o país e mellorar a vida dos que peor o pasan. Galicia xa tivo gobernos progresis-

tas; nos anos oitenta co presidente Fernando González Laxe e no 2005 co presidente Emilio Pérez Touriño. E foron gobernos que deixaron unha pegada de avance, benestar e modernidade na historia do

país. Convén ter presente que os socialistas, aínda que cometemos erros, sabemos gobernar con éxito, e que a alternancia é positiva en democracia. Agora hai eleccións e unha posibilidade de cambio. Nas últimas eleccións municipais e xerais o PP ten retrocedido electoralmente en Galicia. Por primeira vez os socialistas gobernamos tres das catro deputacións, e o PP só goberna unha das sete grandes cidades galegas. Se a esquerda non erra, o PP de Feijoo perderá a maioría absoluta e dará paso a un goberno galego progresista, e para iso é importante que os socialistas teñamos os apoios para lideralo.



O PSdeG-PSOE é a alternativa de goberno ao PP; unha alternativa fiable para facer un cambio en positivo para a cidadanía galega. A modernización económica, as políticas de benestar, a creación do emprego, a calidade do mesmo, a aposta polos servizos públicos están na axenda prioritaria dos socialistas galegos e de Xoaquín Fernández Leiceaga. Non nos resignemos a crer que Galicia ten que seguir perdendo peso económico, demográfico e benestar social. Hai que apostar polo cambio.

Por Carlos Méixome

O Nilismo e a permanencia das elites

Meu tío-avó Nilo argüía unha teoría baseada tanto nunha visión negativa, pesimista e insatisfactoria da condición humana como na percepción de que os grupos sociais, incluso os máis complexos, son naturalmente conservadores, isto é pretenden evitar as incertezas, as dúbidas, disimular os pesares e os sufrimentos que trae aparelado calquera cambio, aínda aquel ben cativoiro. Denominábao "Nilismo filosófico", co cal entraba de cheo na Historia da Filosofía, e sinalaba, con rotundas advertencias, brazos arremuíados, ollares tensos e xestos non moi ben encarados que ningún ousase confundir a súa teoría co "Nihilismo"; esa trapallada rusa. Na altura descoñecía o meu parente a revisión que logo realizarían os

SexPistols e Margaret Thatcher; os primeiros co de non hai futuro e ela co de non hai alternativa. El, rutineiro e pesado, coidaba queo nihilismo existencialista situábase nas antípodas dos seus paradigmas e só coincidían na funesta perversión da similitude nominalista. Considerábao as grandes correntes, antagónicas, do pensamento contemporáneo. A súa elaborada e razoada proposta de pensamento prendera con éxito nas parroquias de Val e Camposancos. Pola contra, na parroquia de Bermés, o labor dun barbeiro que durmía coas memorias de Kropotkin nas mans estendera a crítica ás supersticións, os prexuízos e os costumes. O nilismo de meu tío-avó era profundamente cínico e escéptico (nos dous casos no peor sentido das



■ Estudante nihilista (1883)
Ilya Yefimovich Repin
Óleo/lenzo. 35x27 cm.

palabras) e baseábase en que facer o que é de costume é o mellor; e en que os cambios non serven para nada. Así razoaba: para que queremos cambiar de goberno... que total... os que estaban ían mantidos e se viñan uns novos primeiro cumpría mantelos. Cando alguén comentaba sobre os asuntos públicos, nomeadamente pensións e impostos, sempre remataba cun aceno de indiferenza e sentenciaba: "boh...que fagan o que queiran... que xa o fan!", expresión elaborada durante anos de experiencia para indicar que xa estaba canso do asunto e había que cambiar de tema. Meu tío-avó veu pasar os días cos mesmos a mandar. Tivera unha breve raiola de esperanza, sendo moi mozo. Logo o negror de catro décadas e a insatisfacción doutros

case corenta anos. Eu non quero que me pase o mesmo, así que non vou seguir o seu nilismo e apostarei por cambiar, por mudar, por sacar os de sempre, por xente nova, por Luís Villares... capaz de engaiolarme coa esperanza como lle acontecera a un mociño chamado Nilo co alcalde Manuel Ferreiro Panadeiro*, de quen, o outro día ollei o retrato pendurado no salón de plenos de Lalín.

*Alcalde de Lalín. Fusilado en Pontevedra o 23 de agosto de 1936. Tiña 33 anos



Están aquí as galegas e alá, penduradas no fiasco, as do estado.

Xa están aquí, todas elas, pero non se asusten: todo está de promoción. O deles é vender, aquí e alá, venden o que non é deles, mesmo se venden eles. Venden o que nunca fixeron nin farán. Poucos cren, anque moitos pican. Comezaron as rebai-



Baldomero Iglesias Dobbario

Mero

xas e agora xogan con nós, só importan os votos. Prometen lavadoras e, sabemos, como moito darannos un cubo e estropallo. Chegaron, ocupan as cadeiras e dispoñen o seu mundo. Nós seremos os peóns que nos movamos á vontade das súas úlceras gástricas e medios de comunicación “vendidos”. Xa ocupan as cadeas de televisión e de radio, enchen portadas de revistas e xornais. Ninguén se opón, eles dino todo no momento máis oportuno. Todo cadra. Todo está perfecto. Proclaman moderación para evitar

o lixo e pretensión de erguer en dignidade. Velaí veñen eles e os seus asociados. Todos xuntos teñen a máxica solución para arranxar o mundo. Son os nosos rendedores, os motores do cambio social, ese cambio cheo de posibles e capaz de levarnos ao mesmo ceo. Con eles, deberemos saber, acabará o paro, as penalidades laborais, as distancias do frío, as tiranías do medo nas que previamente nos meteron, os impostos abusivos, a emigración e fuxida da xente nova, o desemprego insultante, a precariedade

non só laboral senón de servizos básicos e de respecto aos dereitos humanos, a marxinalidade, a mentira cos refuxiados, os dependentes, a enorme caída da natalidade, o abandono do rural, a protección de sectores como o de pesca, lácteo, industrial, encherán as balears arcas do fondo de pensións, acabárase o copago e repago, volverán mestres e médicos a cubrir prazas abandonadas, haberá orzamentos sociais e públicos de novo. Pasen e vexan, chegaron os magos que todo arranxan, os magos

que son quen de tragar o lume, de cuspir o fume en billetes, de comprar vontades, de convencer ilusos. Todos están sobrados de promesas, das pobres promesas que –desde o momento de seren proclamadas– son mentira. Os promotores demonizan aos contrarios, tamén aos próximos adversarios –cos que despois farán pactos de silencio e compoñendas. Todos queren flotar sobre as augas, aínda que sexa afundindo aos que, ao seu carón, tamén queren flotar e nadar algo. E en Galiza eu

non quero que pase o que pasa e no peor dos casos, o de sempre, por culpa do minifundismo mental duns cantos que non poucos, dos personalismos e divismos cada vez máis acentuados. Andamos a bipartirnos ou tripartirnos en anacos deste noso sentimento común de por si, xa tan parcelado. Atomizando de novo aquel sentir Nacional da Matria, razón e causa do noso ser, que necesita de todos para exercermos o dereito a ser Nación e ser protagonistas do noso destino. Desde aí, ese encontro sen rebaixas, nunca xamais teremos que xustificarnos, resignarnos nin estar submisos.

Por Antonio Mestre

O secretario de Comunicación de Ciudadanos, Fernando de Páramo, baixou o listón da corrupción política a unicamente os casos nos que houbera enriquecemento ilícito, segundo dixo nunha entrevista na Cadena SER. Seguindo a senda comezada polo voceiro da formación laranxa, José Manuel Villegas, aseverou que non é o mesmo “meter a man que meter a pata”; engadindo que os delitos de malversación, prevaricación ou fraude fiscal na vida privada quedarían excluídos do pacto anticorrupción asinado co PP. Paradoxicamente sí valen para o PSOE e os expresidentes socialistas Manuel Chaves e José Antonio Griñán porque, aínda que quedarían fóra do listón, trátase, segundo De Páramo, “dun caso distinto”. O que non especificou dirixente de Ciudadanos é por que é distinto que sen terse enriquecido de forma ilícita, Chaves e Griñán xa tivesen que dimitir.

Ciudadanos réndese na súa cruzada contra a corrupción

O partido de Albert Rivera volve cambiar de opinión. A malversación e a prevaricación xa non son motivo para dimitir, a diferenza das súas esixencias no caso de Chaves e Griñán.



■ Albert Rivera.

Sobre o deputado do PP por Castellón, Oscar Clavell, procesado por malversa-

ción e prevaricación, deixa, sen embargo, á elección do partido a decisión sobre se é ou non afastado do seu cargo, e insiste en que esa cuestión non forma parte do seu acordo por corrupción. Pretender que calquera acusado teña que ser afastado do seu cargo é “demagogia pura e dura”, afirmou.

A modificación das causas de corrupción para dimitir, un dos puntos do acordo previo para sentarse a negociar, prodúcese só cinco días despois de que se

asinaran unhas condicións que Albert Rivera consideraba innegociables. De Páramo aseverou antes de asinar o pacto: “Non hai matices contra a corrupción”. O punto do texto asinado dicía: “Separación inmediata de calquera cargo público que teña sido acusado formalmente por delitos de corrupción política ata a resolución completa do procedemento xudicial”. Agora Ciudadanos volveu cambiar radicalmente a súa posición.

A frase pronunciada polo secretario de Comunicación –“Non é o mesmo meter a man que meter a pata”– forma parte do argumentario de Ciudadanos estes días. Tamén José Manuel Villegas e Inés Arimadas incidiron nesa diferenciación e o propio Albert Rivera dicía a para minimizar o escándalo da súa formación na Asemblea de Murcia, onde se cargaron facturas do partido ao erario público

Por Thilo Schäfer

Lisboa está pendente da decisión de DBRS, unha axencia de rating canadense, que podería forzar ao goberno socialista de António Costa a pedir novas axudas internacionais.

Moito depende da recapitalización do banco público, a Caixa Geral de Depósitos (CGD). Ao igual que España, Portugal librouse en xullo de ser sancionado pola Comisión Europea polo incumprimento repetido do obxectivo de déficit. Mentres o Goberno conservador de Mariano Rajoy ten plena responsabilidade de que o desfase nas contas públicas superase por case un punto o pactado con Bruxelas –entre outros factores, por adiantar a rebaixa fiscal–, o executivo en minoría do socialista António Costa herdou o pecado do déficit de 2015 da anterior Administración de centro dereita, xa que só tomou posesión do cargo de primeiro ministro a finais de novembro do ano pasado.

No que levamos de ano, ata xullo, Portugal reduciu o déficit en 500 millóns de euros, debido a que os ingresos estatais crecen máis có gasto. Aínda así, os mercados, analistas e os falcóns de Bruxelas non queren dar crédito a Antonio Costa, que goberna co apoio do Bloco de Esquerda (BE), o Partido Comunista

(PCP) e os verdes do PEV. A prima de risco de Portugal está moi por riba da española, a pesar de que en Madrid só hai un goberno en funcións, sen apenas marxe de manobra, desde decembro.

Os analistas e investidores din que están preocupados polo baixo crecemento da economía lusa –un 0,2% no segundo trimestre– e atribúeno sen reservas a algunhas das medidas que tomou o goberno socialista, como elevar o salario mínimo. Sen embargo, o que máis preocupa a Costa é a decisión que vai tomar un pequeno grupo de analistas e expertos –a maioría estranxeiros– o 21 de outubro. Ese día a axencia de rating DBRS revisará a súa avaliación da solvencia do Estado portugués. Aínda que esta firma canadense, que opera en Europa desde unha sede en Londres, é bastante máis pequena que as tres grandes axencias que dominan o mercado de ratings –Moody’s, Standard & Poor’s e Fitch– é a única destas catro que mantén a cualificación de “investment grade” para Por-

Portugal volve a estar en mans dos mercados

tugal, é dicir, por encima do que se considera bono lixo.

A importancia da opinión da DBRS radica en que o Banco Central Europeo (BCE) só compra débeda de países que teñen este “investment grade”. No caso luso a única das catro axencias de rating, recoñecida polo BCE, que mantén ese calificativo é DBRS. Se o banco central deixara de comprar títulos lusos, podería desencadearse unha situación tumultuosa nos mercados.

Moitos analistas xaprevén que, neste caso, Costa tería que pedir outra vez axuda a Europa. Hai dous anos terminou o programa do rescate internacional que supuxo para os portugueses recortes durísimos. Polo menos un dos integrantes daquela “troika”, o Fondo Monetario Internacional (FMI), admitiu que a receita de centrarse tanto naredución do gasto tiña sido errada.

En agosto, os expertos da DBRS fixeron uns comentarios críticos sobre a marcha da economía portuguesa, o cal inmediatamente fixo

subir a prima de risco. Agora, están pendentes darecapitalización do banco estatal Caixa Geral de Depósitos (CGD), a maior entidade do país.

O goberno de Costa acordou coa Comisión Europea a inxección de 2.700 millóns de euros de diñeiro público para fortalecer o balance da CGD –outra herdanza do anterior executivo conservador. O banco ten que conseguir outros 1.000 millóns de euros nos mercados a través da emisión de débeda subordinada –de maior risco, e polo tanto maior rentabilidade para os investidores.

Do éxito desta emisión depende, en grande medida, o futuro inmediato do país e do executivo socialista. Na DBRS están moi pendentes do “apetito dos investidores” polos títulos da CGD. “Ata que non saibamos (o resultado da emisión), será difícil avaliar o impacto que terá sobre as contas públicas”, ou Fergus McCormick, odirector de ratings de países no DBRS.

Así que, tras todos os sacrificios que aguantaron os portugueses pola cura imposta pola troika, voltan a estar en mans dos mercados e un pequeno equipo de expertos dunha axencia canadense.

Tomado de La marea

Galicia

Redacción SANTIAGO DE COMPOSTELA

O que quere Galicia é un goberno honrado que governe sen discriminar a ninguén

En Marea celebrou hoxe unha xornada de traballo en Santiago de Compostela na que o candidato á presidencia da Xunta de Galicia de En Marea, Luís Villares, lembrou a aposta en Vigo por constituír En Marea como su-

están ao noso lado” afirmou o candidato á presidencia. Villares referiuse tamén ao proxecto de En Marea “colectivo, participado por máis de 11.000 persoas, que comezou simbolicamente cunha confluencia, a dos azos feitos pa-

sectarismos. Porque para nós, todas e todos importan. Este cambio de mentalidade é transformar Galicia” comprometeuse. “Rematou o tempo das coalicións do PP coas grandes empresas e coa corrupción” afirmou.

“Esta Marea é un país erguéndose para conquistar o seu futuro. Queremos xa un goberno honrado. Galicia, a súa xente, quere ter a súa oportunidade, quere construír o seu futuro” continuou Villares que destacou o camiño percorrido ata



xeito político chamado a ser lugar de encontro de persoas e proxectos que querían construír unha mesma sinfonía con diferentes tons soando acompañados e sabéndose parte do mesmo proxecto. “A outros gústalles moito a uniformidade, eles son uniformes e impoñen o silencio, dentro e fóra. O poder sen control é o que lles gustaría a eles. Nós nacemos para rachar con este tempo de silencio, amargo, como describira Martín Santo. Nós temos a forza da razón, a forza da ilusión, a forza do compromiso” sinalou Luís Villares.

Durante as últimas semanas lembrou Villares visitou moitos lugares do noso país para explicar quen era, que pensaba e que sentía pero sobre todo a escoitar, a aprender, pero tamén encherse de ilusión, de sorrisos, de miradas que comparten os mesmos desexos. “Hoxe estades aquí como dignas representantes de toda esa xente, hoxe nós temos a responsabilidade de non fallar aos que confían neste proxecto, hoxe nós representamos a fundada esperanza da xente do común. Non están detrás nosa,

labra dos Alcaldes do cambio, empurraron deste proceso. “Observámonos na Marea Atlántica que inundou A Coruña con boas ideas da súa xente, na apertura das pedras de Compostela para observar o interior da cidade que agora si que é de todos e todas, e tamén no Ferrol construído en común coa xenerosidade da xente sen par que se uniu para procurar ese ben común” dixo Luís Villares. O candidato lembrou tamén outros concellos que tamén impulsaron o cambio como Mondariz, Sada, a Pobra, Manzaneda, “sitios onde só chegar xa unha escoita outra harmonía, a do construído en conxunto coa cidadanía e non ás súas costas ou contra elas”.

No seu discurso o candidato fixo referencia ás propostas de En Marea que quere transformar este país e gobernar en clave de unidade nacional, sen discriminar a ninguén. “Produce bochorno ver a sinatura de convenios da Xunta, de chuvia incerta de millóns aos concellos gobernados polo PP, coma se o resto non estivese habitado por galegos e galegas. Nós non practicaremos o

“Queremos transformar Galicia para construír un futuro mellor que se funde na solidariedade e na xustiza social. A democracia non pode quedar reducida ao plebiscito silencioso dunha poboación á que non aprecian eses políticos que só saben irlle pedir o voto cada catro anos, sen despois querer saber nin dela nin dos males que lles producen as súas políticas” explicou Luís Villares. No seu discurso defendeu o autogoberno e a necesidade de esgotar todas as competencias e aspirar a toda a capacidade de decisión propia, “non queremos que ninguén lle poña límites a Galicia”. “Outros teñen unha imaxe de Galicia gris, escura, subordinada a intereses persoais e económicos que en nada axudan. Viven Galicia sen vivir nin escoitar á súa xente. Non coñecen á xente deste país, non lles interesa. Teñen tan pouco agarimo por esta Terra que están dispostos a vendela ao mellor poxador, sexa unha empresa de madeira, unha minería salvaxe ou explotacións nas rías que acabarían con toda a xente do mar” denunciou o candidato á presidencia de En Marea.

agora “escoitando a Antón discutírlles no Parlamento, enchéndoo de palabras de dignidade, de rabia por ver o que facían co noso; atopámonos nas mesmas prazas con Carmen, exemplo de compromiso e xenerosidade que, sen perder o sorriso, fíxolles fronte aos tristes; asomaba tamén Ánxeles que dende a imaxinación recordábanos o importante que é soñar, e fcelo con talento, con enerxías renovadas. Sumábase Paula dende as raíces videiras dunha terra labrada pola auga e o suor... así nos fumos xuntando”. “Son Luís Villares e vou ser, como diría Allende, o compañeiro presidente da Xunta de Galicia para que esa Xunta volva a ser patrimonio de todas as persoas deste país, para que a xunta non sexa a de Luís Villares senón a de Carmen, Xulio, Eva, Verónica, Nine, Iria, Manolo, Xabier, Martiño... para que volva ser da xente, para seguir camiñando con vós coa nosa xente” concluíu o candidato de En Marea á presidencia da Xunta de Galicia o acto público celebrado hoxe en Santiago de Compostela. a

Alexandra Fernández, En Marea, acusa a Rajoy de vivir fora da realidade

A portavoz de En Marea criticou a mensaxe de Rajoy de que “o PP é a única posibilidade” e puxo de manifesto que “imos seguer tendendo a mán para buscar alternativas porque sabemos que en Galiza se está a traballar por unha alternativa”.



Alexandra realizou unha avaliación do discurso de Rajoy após a súa intervención censurando o seu exercicio de autocomplacencia e acusándoo de “vivir fóra da realidade”. A portavoz de En Marea no Congreso afirmou que “hoxe vimos de Rajoy dúas mensaxes claras: todo vai ben, aquí non pasou nada, a crise foi algo que se resolveu fugazmente grazas á súa acción de goberno, e polo tanto, tratando de negar unha realidade social que está fora deste Parlamento”.

A outra gran lóxica que empregou, puntualizou, “é dicir que ou o PP ou o caos, unha especie de chantaxe onde a única posibilidade pasa polo PP. Negámonos a crer ambas afirmacións”.

Alexandra afirmou que Rajoy vive absolutamente fora da realidade, “non ten ningún contacto co que pasa na rúa. Moncloa e Génova deben ser os únicos lugares onde cren que o PP gañou as eleccións, cando o PP está en minoría. Está en minoría pola súa acción de goberno, pola súa prepotencia á hora de chegar a acordos, por unha forma de facer política que pasa polo rodillo. A única forza política que se lle suma ao carro é Ciudadanos que aceptou un acordo político de continuidade coas políticas do PP, de continuidade coas políticas neoliberais”.

O resto, subliñou, “é fume, non deixa de ser parole parole, bonitas palabras pero máis do mesmo”. En Marea considera que Rajoy é incapaz de saír investido e polo tanto, imos seguer a tender a mán para buscar alternativas, porque sabemos que en Galiza se está a traballar para unha alternativa. Darémolles o NON a Rajoy e continuaremos abrindo todas as vías posibles para que un goberno alternativo sexa posíbel. Negámonos á lóxica de Mariano ou o caos”.

Redacción A CORUÑA

Bolsas comedor beneficiarán a case 1.000 familias o curso que vén



A Concellería de Xustiza Social e Coidados vén de pechar a lista definitiva das persoas que se beneficiarán o curso que vén do programa de bolsas comedor, que nesta edición favorecerá a un total de 998 familias, o que supón un incremento do 4,5% respecto ao ano anterior, cando se concederon 953 bolsas, que beneficiaron a máis de 1.500 menores. “Seguimos ampliando este programa para que máis nenas e nenos que o precisan poidan recibir esta axuda”, salientou este mércores a concelleira Silvia Cameán, responsable desta área municipal, quen recordou que o Goberno local xa impulsara no ano precedente este programa, no que inviste este ano 772.000 euros. Do total de bolsas concedidas, 638 van a familias con menores escolarizadas en centros públicos de Infantil e Primaria, Educación Secundaria, e Centros de Edu-

cación Especial sostidos con fondos públicos. De entre as beneficiarias procedentes de centros concertados, as bolsas comedor municipais chegarán a 343. Ademais, nesta edición do programa, un total cinco familias, con nove menores ao cargo, beneficiaranse das bolsas “sobrevividas”, reservadas para cubrir solicitudes que teñan chegado fóra de prazo pero nas que concorren circunstancias tales como o traslado de residencia ou centro escolar dentro do municipio, situacións de violencia de xénero e cambios na situación socio familiar, e que teñen como consecuencia o risco social dos e das escolares. “A finalidade é ningunha nena ou neno que o necesite quede fóra deste servizo, dando cobertura ás familias en situación de vulnerabilidade social, independentemente do centro onde cursen os seus estudos”, fai notar a concelleira.

Sen noticias sobre a creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica

O proxecto de estudos oficiais de Enxeñaría Aeroespacial en Galicia, que comenzará a converterse nunha realidade de xeito inmediato, leva aparelado a creación dun centro, a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, para albergar tanto o Grao como outras titulacións (Máster en Enxeñaría Aeroespacial, etc.) que se decidan incorporar eventualmente á súa oferta académica futura. É importante sinalar que, tal e como establecen as normativas autonómicas e universitarias (Decreto de Titulacións 222/2011, Lei do Sistema Universitario de Galicia e Estatutos da Universidade de Vigo), a implantación dos estudos de Grao en Enxeñaría Aeroespacial e a creación do centro Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo están suxeitas a procedementos administrativos diferentes. Nunha banda, de implantación do Grao en

Enxeñaría Aeroespacial e, pola outra, de creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo:

http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=10231&Itemid=2

O pasado 19 de abril celebrouse en Ourense un acto presidido por Alberto Núñez Feijoo no que o Grao en Enxeñaría Aeroespacial foi presentado oficialmente. Nembargantes, transcurrido máis de un ano despois da súa tramitación dende a Universidade de Vigo, nada ten trascendido dende a Xunta no tocante á Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

Por todo o exposto, ante o inminente arranque dos estudos oficiais de Enxeñaría Aeroespacial en Galicia, cómpre chamar a atención públicamente sobre o estado do expediente de creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

90 obradoiros, dentro do programa de lecer deste outono

A preinscrición, que se poderá facer de forma presencial nos dous espazos ou de xeito telemático, realizarase entre os días 5 e 7 do próximo mes. As actividades darán comezo o día 26

Os centros Ágora e Fórum Metropolitano ofrecerán as novas actividades vinculadas ao programa de lecer deste outono, un total de 90 obradoiros dirixidos a un público de máis de 16 anos, con actividades de temáticas tan variadas coma a historia e a arte, a arquitectura, o teatro ou a literatura, o cine ou novas disciplinas como o mindfulness. No apartado práctico ofreceranse obradoiros de escritura en blog, webseries ou clown, ademais de música, astronomía,

meteoroloxía ou fotografía, e haberá tamén talleres de cociña personalizados no centro Ágora. Manterse ademais a aposta pola creatividade manual e as propostas dirixidas especificamente para maiores de 65 anos, con obradoiros de actividade motriz, corpo, danza. Tamén haberá monográficos, que este ano dedicaranse á figura de Miguel de Cervantes. A oferta complétase con actividades infantís e para adolescentes, os sábados.




“Encontró do alcalde, Xulio Ferreiro e dos concelleiros de Cultura José Sande e de Emprego e Economía Social, Alberto Lema, cos Representantes da nova Asociación de Clubes Deportivos, no Pazo de María Pita”

Miscelanea


PIRACICABA, BRASIL

Charge sobre drama de refugiados vence o Grande Prêmio do 43º Salão Internacional de Humor


Prêmio máximo da mostra é de Alireza Pakdel, cartunista do Irã



■ Nasrin Abdosheykhi - premio caricatura - Ira 03



■ DARKO DRLJEVIC - premio Unimed - Montenegro 03



■ Alireza Pakdel - Ira? -01 PREMIO CHARGE E GRANDE PRÊMIO

A charge do cartunista iraniano Alireza Pakdel é a vencedora do Grande Prêmio Troféu Zélio de Ouro, o prêmio máximo do 43º Salão Internacional de Humor de Piracicaba. Pakdel retratou em seu trabalho o drama dos refugiados que deixaram o Oriente Médio em direção à Europa e não chegaram ao seu destino.

O 43º Salão Internacional de Humor é realizado pela Prefeitura de Piracicaba, por meio da Secretaria Municipal da Ação Cultural e

CEDHU (Centro Nacional de Documentação, Pesquisa e Divulgação do Humor Gráfico de Piracicaba).

Os vencedores nas categorias principais foram Ronaldo Cunha Dias, do Brasil (Cartum); Nasrin Abdosheykhi, do Irã (Caricatura), e Mohamad Ali Khoshkam, do Uzbequistão (Tira/HQ). Nos temáticos, Rafael Corrêa, do Brasil, venceu o Prêmio Águas do Mirante; Shankar Pamarthy, da Índia, o Prêmio Câmara de Vereadores; Norbert Van Yperzeele, da Bélgica (Prêmio Mobilidade), e Darko

Drljevic, de Montenegro (Prêmio Saúde Unimed). O prêmio Alceu Marozzi Righeo ainda será escolhido por júri popular.


Pakdel, que acumulou os prêmios de melhor charge e o Grande Prêmio, receberá R\$ 15 mil. Os demais vencedores ganham R\$ 5.000.

As menções honrosas em Charge foram para Synnove Hilkner (Brasil) e João Bosco Jacó de Azevedo (Brasil); em Cartum, para Mauricio Parra (Colômbia) e Angel Boligán (México); em Caricatura, as menções

foram para Pablo Lopez (Uruguai) e Angel Boligán (México), e em Tiras/HQ para Silvano Mello (Brasil) e Carlos Eduardo Duarte da Silva (Brasil) levaram as menções honrosas. No Mobilidade, receberam menções honrosas Mojtaba Heidar Panah (Irã), Elena Ospina (Colômbia) e Evandro Alves (Brasil); no Saúde Unimed, a menção foi para Toso Borkovic (Sérvia).

A comissão de premiação, que se reuniu no dia 20/08, foi formada por Geisa Fernandes (pesquisadora e professora universitária - Rio de Janeiro/RJ); John Lent (pesquisador e professor universitário na Pensilvânia, EUA); Aristides Hernandez (cartunista e artista plástico em Havana, Cuba); José Roberto Neffa Sadek (secretário interino de Cultura do Estado de São Paulo); Gilmar Machado Barbosa (cartunista - Santo André/SP); Gualberto Costa (cartunista - São Paulo/SP), e José Pedro Martins (jornalista - Campinas/SP).

Nesta edição, estão expostos 426 trabalhos na mostra principal, selecionados entre os 2.773 inscritos por 494 artistas de 57 países. Dos selecionados, 157 são cartuns, 93 caricaturas, 56 charges, 55 tiras/histórias em quadrinhos, além de 45 trabalhos com a temática Mobilidade e 20 correspondentes à categoria Saúde Unimed. Além da mostra principal, o Salão tem em sua programação mais de 40 atrações gratuitas, entre exposições paralelas, publicações, oficinas, workshops e seminários, que podem ser conferidos no site oficial.



■ Shankar Pamarthy - premio Câmara de vereadores - Índia 01



■ Norbert Van Yperzeele - Mobilidade - Bélgica 02



■ Rafael Corrêa - premio Águas do Mirante - Brasil 14

Unha treboada devasta os viñedos de Amandi



■ O presidente do Consello Regulador coas autoridades.

A Consellería do Medio Rural traballará da man dos viticultores da Ribeira Sacra, especialmente os da subzona de Amandi, para impulsar a recuperación da súa produción e das áreas afectadas polas treboadas rexistradas no sur de Lugo. Así o sinalou a titular deste departamento, Ángeles Vázquez, que se desprazou ata o Concello de Sober, acompañada pola delegada territorial da Xunta en Lugo, Raquel Arias, para interesarse polos danos rexistrados nos viñedos desta denominación de orixe. Os primeiros cálculos indicaban que a área máis damnificada abarca arredor de 50 hectáreas, que foron practicamente arrasadas pola saraiba caída o día 15 de agosto pola tarde. Isto afectaría a uns 400.000 quilos de uva, segundo as primeiras estimacións, cunhas perdas directas avaliadas nuns 500.000 euros. Os viticultores consideran, ademais, que o vindeiro ano só se poderá recuperar arredor dun terzo da produción actual. A conselleira constatou que a treboada rexistrada arredor das oito da tarde afectou tamén aos camiños, muros e outras infraestruturas relacionadas co cultivo de vide. Ángeles Vázquez e Raquel Arias estiveron acompañadas polo presidente do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra, José Manuel Rodríguez González, e por un grupo de viticultores e adegueiros.

Aparello eléctrico

Entre Monforte e o Canón do Sil caeron máis de medio centenar de raios en dúas horas. A tormenta que descargou o domingo 14 de agosto de forma máis ou menos xeneralizada sobre o sur de Lugo trouxo as primeiras choivas do

verán e tamén provocou algún incendio na comarca de Quiroga. A do día seguinte deixou un rastro devastador nas zonas produtoras de viño do Canón do Sil e estivo acompañada tamén de abundante aparello eléctrico. As medicións efectuadas polas estacións que Meteogalicia dedicada especificamente a este rexistro, apuntan que entre as seis e as oito da tarde do día festivo caeron na zona comprendida entre o centro urbano de Monforte e o Canón do Sil preto de sesenta raios. A tormenta eléctrica foi aínda máis intensa nas comarcas de Quiroga e Valdeorras.

Asaja

A Asociación Agraria de Novos Agricultores (Asaja) pediu ás administracións públicas a declaración de zona catastrófica para Doade tras as perdas nas plantacións vitícolas. Segundo denunciou o grupo por medio dun comunicado, a saraiba e os fortes ventos prexudicaron gravemente ás colleitas da comarca, sobre todo ás de Doade, onde existen 120 hectáreas de viñado distribuídas en 1.250 parcelas. Asaja asegurou que as primeiras estimacións dos técnicos fixan as perdas en 400.000 quilos de uva en Doade e 900.000 na subzona de Amandi. Así mesmo, destacou que estas non son as únicas consecuencias, xa que a situación da vendima nos próximos anos tamén se verá afectada. Doutra banda, os adegueiros da zona lamentan a baixada de produción de botellas de viño que sufrirán este ano, o que, aseguran, provocará "unha importante perda da cota de mercado". Neste sentido, a asociación solicitou que reparen os camiños de acceso ás viñas e que se estuden unha bate-

ría de medidas para axudar aos viticultores da zona, para o que propoñen ofertar créditos subvencionados e axudas a fondo perdido.

Consello Regulador

As primeiras estimacións, realizadas polo presidente da denominación de orixe Ribeira Sacra, José Manuel Rodríguez González, son que a saraiba caída, seguido dunha intensa e forte choiva, arrasou completamente cunhas 30 hectáreas de viñado. O resultado é que se perderon ao redor de 400.000 quilogramos de uva. "É unha desfeita total. As vides quedaron peladas pola pedra. Non se salvou nada", indicou tras comprobar os efectos da granizada. Isto non é o peor, pois, indicou, foi tal a intensidade coa que caeu que afectou á madeira, ás varas das cepas, danándose e pondo en perigo boa parte da colleita do próximo ano. E é que ao quedar cortadas ou incluso rotas, as plantas serán propensas a coller algunha das enfermidades que afectan os viñedos en forma de fungos, como o mildiu, que esta campaña estivo moi presente na Ribeira Sacra, danando os viñedos. As plantas quedaron moi danadas, peladas e ata rotas, polo que se teme que a colleita do próximo ano se vexa afectada. "Os únicos que estaban libres desta enfermidade eran os de Doade e o resto de Amandi, pero tivo que chegar a pedra para estragar todo, cunha boa colleita nesta zona", laiouse Rodríguez González. Amandi achega boa parte dos preto de seis millóns de quilogramos de uva que cada campaña acaban no case centenar de adegas amparadas pola

denominación de orixe. O consello regulador vai recalculas as súas previsións de colleita. Semanas antes, consideraba que podería haber entre un 10 e un 15% menos que o ano pasado debido aos efectos do mildiu, un fungo que afecta as follas e ao acio da vide, moi activo nalgunhas subzonas e apenas presente noutras. Un viticultor sinalou que "chove sobre mollado", en referencia a esta praga, pero tamén á saraiba e ás malas condicións meteorolóxicas rexistradas nos cinco primeiros meses do ano, que atrasaron moito a maduración da uva, polo que non se espera que a vendima comece ata outubro.

Alcalde

O alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, confirmou que desde a corporación municipal están a porse "ao choio" xunto á Consellería de Medio Rural para reparar "canto antes" os danos ocasionados pola saraiba nos viñedos e os

ranse subvencións directas aos produtores para que reparen a perda e poidan tratar as plantas, previndo así que este mal "se estenda á colleita do ano que vén". Doutra banda, outorgáranse axudas ao Concello para reparar as infraestruturas municipais. O importe das subvencións coñecerase unha vez que a Xunta reciba o informe do Consello Regulador e poida valorar a magnitude dos danos causados. Así mesmo, Fernández Guitián teme que este desastre vaia "incrementar aínda máis o prezo da uva", pois recorda que a zona damnificada "era unha das que non se viron afectadas pola praga de mildiu" a principios de verán.

Para estas obras o Concello conta cunha partida de 20.000 euros de fondos propios. Guitián sostén que "con esta remodelación Sober contará cun pavillón deportivo acorde ás necesidades actuais e poderán desenvolverse actividades deportivas de primeiro nivel



■ O alcalde coa conselleira de Medio Rural.

seus accesos na parroquia de Doade e a subzona de Amandi. O estrago que mingou a produción dos viticultores da zona para este ano é valorado polo rexedor nunha perda sobre os 600.000 euros. Para afrontala, segundo asegura, xa se están pondo en marcha diferentes tipos de axudas. Por unha banda, ofrece-

nas nosas instalacións". O rexedor apuntou que "a mellora destas instalacións era unha prioridade do equipo de goberno local" e recordou que "xa se investiron no ano 2014 unha partida que sumaba un montante total de 75.000 euros para renovación completa da cuberta do edificio".

Libro sobre o románico de Sober

José Losada Díaz, coñecido como Pepe Carriola, presentou na oficina de turismo de Sober o proxecto "O románico en Sober" co que colabora o Concello. Losada Díaz leva anos residindo nas Palmas de Gran Canarias e xa presentara un deuvé sobre "O románico no Saviñao" en agosto de 2009 en Escarín e Monforte.



■ Pepe Carriola na oficina de turismo de Sober.

Sober mellora o barrio de San Pedro en Canabal

O Concello de Sober vén de adjudicar os traballos de melloras urbanas no barrio de San Pedro, na parroquia de Canabal. As obras contan cun presuposto de 40.000 euros e son financiadas pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia a través do Plan de Infraestruturas. A actuación foi adjudicada pola Comisión Municipal do Goberno local do Concello de Sober á empresa local Río Sil Obras e Viais. O alcalde soberino, Luís Fernández Guitián, precisou que con estes traballos “mellorarase con aglomerado asfáltico a entrada á parroquia de Canabal dende o cruce da estrada de Telleiros e o vial que sae á estrada de Sober”. “Os traballos complementaranse cun paseo peonil pola beirarrúa da estrada, necesario para mello-

rar a seguridade vial na zona”, aclarou o alcalde. O rexedor avanzou que estas obras “suporán unha importante mellora da principal vía de acceso aos barrios de A Estación, A Cha, San Pedro e A Igrexa na vila de Canabal e ordenaran o tráfico rodado e o peonil”.

Polideportivo

O Goberno local do Concello de Sober agradécelle á Xunta o investimento nas obras, que veñen de ser rematadas, de revestimento do pavillón municipal. A actuación, que contou cun presuposto de 45.000 euros, foi financiada pola Consellería de Educación. Luís Fernández Guitián, indicou que “os traballos realizáronse nas fachadas interiores e exteriores do edificio”. O rexe-

dor dixo tamén que “ao mesmo tempo fíxose unha porta de acceso directa aos vestiarios e abríronse fiestras de ventilación”. Guitián salientou a importancia destas obras, pois recordou que “este pavillón municipal está ubicado nas instalacións do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme de Sober e é utilizado polos nenos e nenas da localidade para as actividades deportivas e extraescolares do centro”. Guitián apuntou tamén que estas obras completáronse “co cambio de persianas no edificio de administración do centro escolar”. O alcalde avanzou que o Concello ten previsto nas próximas semanas “dotar ao pavillón dun novo graderío e tamén se procederá ao pintado da pista polideportiva con materiais apropiados para este tipo de



■ O acceso a Canabal terá paseo peonil pola beirarrúa.

instalacións”. Para estas obras o Concello conta cunha partida de 20.000 euros de fondos propios. Guitián sostén que “con esta remodelación Sober contará cun pavillón deportivo acorde ás necesidades actuais e poderán desenvolverse actividades deportivas de primeiro nivel nas

instalacións”. O rexedor apuntou que “a mellora destas instalacións era unha prioridade do equipo de goberno local” e recordou que “xa se investiron no ano 2014 unha partida que sumaba un montante total de 75.000 euros para renovación completa da cuberta do edificio”.

Monforte celebrou a XIX Feira do Libro



■ En Monforte rematou este ano o calendario de feiras do libro en Galicia.

Monforte de Lemos celebrou entre os días 24 e 27 de agosto a XIX edición da Feira do Libro. A delegada da Xunta en Lugo, Raquel Arias explicou que Monforte pecha este ano o calendario de feiras do libro, que foron convocadas baixo o lema “A patria na palabra” en homenaxe ao poeta Manuel María; “razón de máis - sinalou- para visitar a feira e lembrar ao noso escritor, que pasou boa parte da súa vida nunha librería desta cidade”. A delegada asegurou que a Xunta de Galicia “financia as feiras do libro no convencemento de que son un marco inmillorable para a procura de dous dos principais obxectivos da súa política cultural: fomentar o hábito da lectura entre a poboación e impulsar o sector do libro galego”. Con respecto ao primeiro obxectivo, engadiu, “as feiras son indispensables para a dinamización da lectura e serven para

facen novos lectores, entre outras razóns porque resultan moi atractivas para os máis cativos”. A delegada incidiu en que as feiras “son unha plataforma para os autores e autoras galegos; un gran escaparate para a produción editorial galega, un sector que crea cultura e que tamén é un pilar económico importante dentro das industrias culturais, do que dependen autores, ilustradores, gráficos, editores, distribuidores e libeiros”. Nesta liña, a delegada lembrou o apoio da Consellería de Cultura e Educación ao sector nas diferentes feiras do libro en Galicia e no exterior. Como exemplo, fixo referencia ás 14 feiras do libro organizadas este ano en Galicia, xunto coas cinco feiras do libro antigo e de ocasión, e á Feira Internacional do Libro de Bos Aires, na que Galicia foi protagonista e na que participaron máis de 25 autoras e autores galegos.

Sober repartiu de balde 2000 racións de rosca

Sober celebrou o día 12 de agosto a XXI edición da Festa da Rosca, doce típico do municipio, coa participación de tres rosqueiras, tres queixerías, catro tendas de mel, dous de artesanía, outras tantas de oleiría de Gundivós e unha panadería. Repartíronse dúas mil racións de rosca con queixo que foron consumidas en 10 minutos mentres actuaban o grupo de música tradicional de San Clodio. O sábado día 11 de agosto houbo festa acuática para nenos nas piscinas e a actuación do mago Romarís. Pola noite servíuse rosca con licor café na Praza do Concello. A delegada da Xunta, Raquel Arias, participou nun acto de promoción do leite co selo de garantía “Galega 100%” nas piscinas municipais de Sober, no marco da Feira da Rosca. A delegada, acompañada polo alcalde, Luís Fernández Guitián, colaborou neste acto que permitiu aos usuarios das instalacións e ao público en xeral degustar este leite de calidade a través do reparto gratuito de minibricks. Arias subliñou que “este selo de calidade representa unha garantía para os consumidores, xa que ao comprar leite etiquetado con Galega 100% saben que están a consumir un produto de primeira calidade que ten como orixe a nosa Comunidade”. Arias afirmou que estes actos de promoción “contribúen á concien-



■ O alcalde repartindo rosca aos vecinos e visitantes.

ciación da sociedade sobre a calidade que ten o leite producido en Galicia e os beneficios ligados ao seu consumo, tanto para o consumidor como para os produtores.” Engadiu que “comprar leite de Galega 100% contribúe a unha mellora no nivel de vida dos nosos gandeiros e, en definitiva, en beneficios económicos para o sector lácteo galego”.


Festa en Lobios

O Concello de Sober colaborou coa celebración das festas na

parroquia de Lobios do 12 ao 14 de agosto. Houbo unha gran pancetada de confraternidade con queimada para todos os asistentes. O sábado día 13 celebrouse unha misa solemne, sesión vermú posterior e a verbena coa orquestra Bohemia. O domingo 14 a xornada festiva comezou cunha misa solemne na igrexa parroquial. A orquestra Maracas Show amenizou a sesión vermú e a verbena. O luns día 15 celebrouse misa e procesión.

Redacción OVIEDO

XXI aniversario da Asociación Galicia en Asturias



■ Portada da revista conmemorativa do XX aniversario.

A Asociación Día de Galicia en Asturias celebrará do 6 ao 12 de setembro o XXI aniversario da súa fundación. Pero xa o xoves día 1 ao mediodía abrirase a exposición de distintas cerámicas do Centro de Deseño e Artesanía de Galicia da Deputación de Lugo e do cruceiro do escultor Pérez Porto, na sala de exposicións do Auditorio Príncipe Felipe de Oviedo. O día 9, venres, ás 13,00 horas na Cámara de Comercio de Oviedo celebrárase o encontro empresarial Astur-Galaico. Ao día seguinte no Auditorio Príncipe Felipe, ás 19,30 horas haberá un concerto benéfico a cargo de Tania Fuegho, Miguel Ángel Celemín, a violinista Alicia Tortuero

e grupos de gaitas en homenaxe á Asociación Española Contra o Cancro (AECC). Procederáse á entrega dos carnés de socios de honra a AECC e ao Servizo de Oncoloxía do HUCA.

Insignias de ouro

O día 11, domingo, ás 11,00 horas celebrárase unha misa na Catedral de Oviedo cantada pola soprano Tina Gutiérrez. Hora e media máis tarde, na Sala de Cámara do Auditorio Príncipe Felipe, procederáse á imposición das insignias de ouro e á entrega dos carnés de socios de honra a Roberto Sánchez Ramos, tenente de alcalde e concelleiro de Cultura e Festexos do Concello de Oviedo e a Tina Gutiérrez (can-

tante soprano asturiana). Ás 14,15 horas será o xantar oficial no Hotel Spa Restaurante Castelo do Bosque A Zoreda. Desde o día 6 ao 12, na rúa Picasso de Oviedo, estará aberta unha carpa na que se celebrarán as xornadas gastronómicas de Galicia e o Parque Temático. Na noite do día 9 sábado haberá unha gran queimada.

Empresas homenaxeadas

No encontro empresarial do venres día 9 na Cámara de Comercio de Oviedo, serán homenaxeadas estas empresas asturianas e galegas. Restaurante Bocamar, Club de Prensa da Nova España, Asthor Agrícola, S.A., Confeiteira Asturias, Bateamar, Rodríguez López Autos, Programa Conexión Asturias (Radiotelevisión do Principado), Programa Bamboleo (Televisión de Galicia). Instituto de Desenvolvemento Económico do Principado de Asturias, Inwo Decoración e NGI Informática.

Revista

A Asociación Día de Galicia en Asturias editou unha revista con motivo do XX aniversario que xa se distribuíu en Galicia e que será entregada aos asistentes aos actos deste ano. A publicación de 64 páxinas a todo cor inclúe colaboracións de Alberto Núñez Feijoo, presidente da Xunta de Galicia e un editorial de Manuel Fernández Quevedo, presidente do colectivo galego. Outros artigos son de Ana Pastor, Roberto Sánchez Ramos, Pilar Rojo, Antonio Rodríguez Miranda, Ramón Braña, Carlos Osoro, Tina Gutiérrez, Aurelio Miras Portugal, Jacobo Cosmen, Miguel García, Alejandro Rubín, Pai Anxo, Fernando Fernández Kelly, Alfredo Canteli Fernández, Luís Fernández Vega e Francisco Botas.

Dúas almas xemelgas

O presidente da Asociación Día de Galicia en Asturias, Manuel Fernández Quevedo, agradece ao Concello de Oviedo o apoio recibido nestes 21 anos de vida do colectivo galego. “A Asociación sempre estará disposta a aportar o grao de arena para seguir contribuíndo a manter as estupendas relacións entre Asturias e Galicia así como continuar realizando excursións a Galicia de asturianos e galegos residentes no Principado”, sinala Fernández Quevedo. “Desde a Asociación manifestamos o noso agradecemento a todos quen fan posible os encontros empresariais, folclóricos, culturais e gastronómicos”, indica o presidente. “Esta festa de galegos en Asturias é, ademais, unha oportunidade de ocio, escaerio da concordia e convivencia entre pobos irmáns. Somos dúas terras, dúas almas xemelgas cuxos corazóns latexan ao mesmo tempo”, recorda Manuel Fernández Quevedo. Para rematar a programación dos actos de setembro o presidente do colectivo galego, Manuel Fernández Quevedo, desprazouse a Ourense acompañado de Alfredo Canteli Fernández, presidente do Centro Asturiano de Oviedo. Ambos dous colectivos manteñen moi boas relacións e participan nos actos que organiza cada un deles.



■ Os presidentes e as súas donas na taberna A Feira, de Ourense.



A Feira
Pulpería Taberna Gallega

Sebastián Aparicio, 4 • T. 988 68 66 28 • OURENSE
Irmáns Villar, 15 • T. 988 06 07 57 • OURENSE
Plaza del Carbayón, 4 • T. 984 84 27 57 • OVIEDO
San Bernardo, 23 • T. 985 09 01 17 • GIJÓN
Calle del Horno, 3 • T. 984 18 18 69 • GIJÓN



V Mostra de Viños en Castro Caldelas



■ Intervención do pregoeiro, Xosé Manuel Piñeiro.



■ Parte do público escoitando as intervencións.



■ Caseta de Adegas Vella.

O Concello de Castro Caldelas en colaboración coa Asociación de Adegueiros da Ribeira Sacra ourensá, que preside Jorge Feijóo González, de Adegas Vella, organizou a V Mostra do Viño. A primeira edición foi en 2008 e dende 2011 no se volveu celebrar. O escenario primitivo fora a Praza do Prado e nesta edición celebrouse no patio de armas do castelo coa participación de 11 adegas. Xosé Manuel Piñeiro, pedagogo e presentador da TVG ofreceu o pregón inaugural. Entreviú tamén a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega, o presidente do colectivo de adegueiros, Jorge Feijóo González e o presidente do Centro Galego de Barcelona, o quirogés Manuel Carrete Rivera. Asistiron os alcaldes de Montederramo, A Teixeira, Monforte e a alcaldesa de Parada de Sil. Tamén o xerente do Inorde, Xosé Manuel Rodríguez González. No recinto feiral venderonse mil cataviños a 5 euros e os diferentes viños degustáronse de balde. Un grupo de gaiteiros amenizou a festa. Na Praza do Prado e baixo unha carpa do Inorde, servíuse un xantar popular a 15 euros. Ao día seguinte mantívose a carpa con outro xantar ao mesmo prezo. Este domingo 28 de agosto continuou todo o día a mostra aínda que a clausura foi ao mediodía coa intervención de Xosé Mouriño Cuba, que foi xefe de Calidade Alimentaria da Xunta e promotor da constitución da Denominación de Orixe Ribeira Sacra no ano 1996. No ano 1993 aprobábase a denominación de Viños da Terra. O cartel da mostra deste ano foi obra do pintor caldelao Carlos Costoya, artista e responsable de Adegas Alodio. Na Praza do Prado os rapaces gozaron cos castelos inchables, tentaron domar ao touro mecánico e participaron na festa da escuma.



■ Caseta de Adegas Cachín.



■ Caseta de Adegas Valcar.



■ Degustación dos viños.



■ BManuel Valdés, Xosé Tomé, X. Manuel Piñeiro, Sara Inés e Manuel Carrete.

ADEGA CACHÍN

Premio Acio de Prata 2016
na Cata de Viños de Galicia

O tinto mencia da Ribeira Sacra de Adegas Cachín foi elixido polo presidente Obama tres anos consecutivos para a cea da Gala da Hispanidade en Washington.

Peza do Rei

Tel. +34 619 85 92 81 32764 Abeleda - A Teixeira (Ourense)



■ O caldelao Sotelo Blanco, no centro, foi presidente do Centro Galego de Barcelona.



■ Celdalos de pura cepa.



■ De sobremesa, logo do xantar.

Festas dos Remedios en Castro Caldelas

Castro Caldelas iniciou a Festa dos Remedios 2016 coa celebración, o 30 de agosto, do folián pequeno e comezo da novena coa participación do Coro Lembranza. Ao mediodía houbo repenique de campás e bombas de palenque. O folián amenizouno o grupo de gaitas local Os Trabazos. O día 6 de setembro será a noite de bandeiras. A medianoite, os mozos colocarán as bandeiras multicolor nas rúas e prazas da vila e logo reporán forzas comendo empanada e be-

bendo viño da Ribeira Sacra. O día 7, ao mediodía, a banda de música de Ramirás ofrecerá pasarrúas, ofrenda á virxe do Remedios na igrexa e concerto na Praza do Prado. Tamén participarán os grupos musicais Airiños de Caldelas e Os Trabazos. Ás 19,30 horas novo concerto da banda no xardín do santuario e ás 02,00 horas sesión de fogos de artifício. O día 8, xornada grande dos festexos e non laborable, pasarrúas e concerto da banda de música de Vilanova e Airiños de Caldelas.

Ás 12,30 misa solemne seguida de procesión desde a igrexa parroquial ata Cima da Vila con regreso ao santuario. Ás 19,30 horas concerto da banda de música no adro da igrexa e logo festa e verbena coa orquestra Cinema. O venres día 9, pasarrúas e concerto ofrecido por Os Trabazos. Ás 12,30 procesión pola Praza do Prado e misa cantada por Coro Lembranza. Verbena e bailes de disfraces coa orquestra Fin de Siglo. O sábado día 10 remate de festas pola tarde e noite con discoteca móbil.



■ Actuación anterior no castelo do Coro Lembranza.



Adegueiro Jorge Feijoo González
Teléfonos: 606 807 897 - 606 047 602
Abeleda - A Teixeira (Ourense)
adegavella@terra.com





Restaurante Valilongo
Habitacións con baño e TV.
RESTAURANTE VALILONGO
Tfno. 988 20 32 33 • Estrada OU-536 Km 40
VALILONGO. A Teixeira (Ourense)



CAFÉ - BAR LOYMA
Racións, tapas e petiscos.
Bocadillos fríos e quentes.
Praza Montegudo 3 con Rúa Greco, O Conto. 988 686 423



A DESPENSA DO FUENTEFRÍA
Afumados · Ensaladas
Croquetas de bacallau
Rúa Viriato, 7. Casco Vello - OURENSE

Galicia

Redacción OURENSE

Festa da carne en Montederramo en outubro

Montederramo organiza para o día 12 de outubro a Feira da Carne na que anualmente participan dous mil comensais que degustan máis de mil quilos de tenreira galega preparada ao caldeiro, richada e en empánada, con viño da Ribeira Sacra, bica e licor café. Haberá postos ambulantes para venda de roupa, calzado, artesanía, apeiros de labranza, confeitaría, pastelería e quincalla. Preparase tamén para o día anterior a festa musical "quentando os fogóns". Grupos de gaitas

e charangas animarán o día festivo. Montederramo ten una importante cabaña gandeira que proporciona maiores ingresos económicos cunha porcentaxe de 1,5 cabezas por hectárea. Hai gando estabulado en varias granxas do municipio nas que se protexe ás razas autóctonas. Os pastos son abondosos nas ladeiras das serras e nos grandes campos, prados, lameiros e pasteiros nos que se alimenta o gando en réximen extensivo. Son animais criados para obtención de carne (Rubia Galega) e para traballos (Caldelá) mais que para leite.



■ Vacas pastando no municipio de Montederramo.

Éxito da Festa da Istoria en Ribadavia



■ O Castelo dos Sarmiento tamén foi escenario de varios actos.

A Asociación Coordinadora da Festa da Istoria de Ribadavia organizou un programa con máis de sesenta actividades que se desenvolveron os días 26 e 27 de agosto. Entre elas a celebración dunha voda xudea, xadrez vivente, combate de cabaleiros e gran desfile de todos os personaxes que interviron nesta festa, declarada de intereses turístico nacional. Os maravedís substituíron aos euros.

A organización, que preside Miguel García Domínguez, estima que pasaron por Ribadavia nesas dúas xornadas, unas 50.000 persoas. Ante ao castelo dos Sarmiento, a campesiña Luciana Rodríguez, elixida como pregoeira polo seu gran compromiso cos festexos, inaugurou oficialmente as celebracións das dúas xornadas nas que reinaron o rei García e a súa dona a raiña dona Leonor de Córdoba, monarcas de Ribadavia.

"Quizais se esperarían para a pregoeira vestiduras de nobre ou burguesa", afirmou Luciana no seu discurso, "pero propúxenme facer visible o mundo campesiño que foi o que levantou a comarca durante séculos, converténdoa no eixo vitivinícola de Galicia", afirmou. Lembrou todos os "traballos tradicionais que están a piques de desaparecer", pedindo que a festa teña máis en conta o seu papel e representación.

Sete etapas da Volta por Galicia

As sete primeiras etapas da Volta a España 2016 percorreron parte do territorio galego. A contrarreloxo por equipos desde Laias a Castelo de Miño, de 27,8 quilómetros, gañouna o equipo Tem Sky. A segunda etapa entre Ourense e Baiona, de 160,8 quilómetros, foi para o belga Gianni Meersman. A terceira etapa entre Marín e o mi-

radoiro de Ézaro, con 176,4 quilómetros de percorrido foi para o francés Alexandre Genier. Outro francés, Lilian Calmenaje gañou a etapa entre Betanzos e San Andrés de Teixido, despois de percorrer 163,5 quilómetros. A quinta etapa entre Viveiro e Lugo, de 163,5 quilómetros gañouna outra vez o belga Gianni Meersman. O gañador da sexta etapa entre Monforte e

Luíntra, de 163,2 quilómetros, foi o británico Simon Yates. E a última etapa en Galicia, entre Maceda e Puebla de Sanabria con 158,3 quilómetros, gañouna o belga Van Genechten. A interpretación do himno de España por parte da Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, precedeu á saída da Volta no balneario de Laias.



■ Etapa por equipos de Laias a Castelo de Miño.



■ Paso por Doade, en plena Ribeira Sacra.

O PP do Carballiño crítico coa Festa do Polbo



■ A tapa xigante elaborouse o 9 de agosto na praza maior do Carballiño.

A pesar de mostrarse agra-
decidos co continuísmo
dado polo actual grupo de
goberno polo modelos de festa
exposto durante a súa estadía no
goberno, reforzando a Festa do
Polbo con actividades durante
toda a semana anterior, o grupo
popular do Carballiño mostrouse
crítico no que eles cren unha di-
minución de calidade na festa. As
festas tiveron o seu programa de
actividades, pero en opinión do
PP moi matizables con orquestras
de segundo nivel, desorganiza-

ción en actividades, falta de
fogos de artifício e dunha ilumi-
nación de festa así como ausen-
cia de palco no parque
municipal. Son só algunhas das
lagoas que os populares observa-
ron na pasada festa. A iso sumá-
moslle no seu parecer un nivel de
asistencia máis baixa en compa-
ración con anos anteriores a
tenor de conversacións con pul-
peiros e restauradores, que viron
diminuídas as súas vendas e pese
ao interese do grupo de goberno
por inflar as cifras de asistentes.

Todo iso repercute de forma ne-
gativa nunha festa considerada
de interese turístico nacional e
con iso esíxese traballo ao grupo
de goberno para que en futuras
edicións a calidade e organiza-
ción véxase mellorada.

Tapa xigante

Pulpeiras e pulpeiros do Carba-
lliño elaboraron a tapa de polbo
máis grande do mundo. O prato
de madeira de piñeiro acadou os
5,37 metros de diámetro. Para
cubrilo foi preciso cocer 750 qui-
logramos de pulpo e, unha vez
rematado o proceso de cocción,
cortouse en talladas axeitadas no
menor tempo posible e adere-
zouse con aceite de oliva virxe,
sal e pementón. Un labor que re-
alizaron 25 expertos cortadores e
cortadoras de polbo. Dese prato
sairon máis de 2.000 racións que
foron degustadas, xunto cun
anaco de pan de Cea e unha
cunca de viño do Ribeiro, polos
visitantes que se achegaron á
vila días antes da LIV Festa do
Polbo (14 de agosto).

Ludoteca Móbil no Pereiro de Aguiar

A Deputación puxo en mar-
cha a Ludoteca Móbil que
realizará unha xira por dis-
tintas vilas da provincia de Ou-
rense, durante os meses de verán.
A primeira parada tivo lugar nas
instalacións do colexio Ben-Cho-
Shey do Pereiro de Aguiar. Manuel
Doval, tenente alcalde deste con-
cello, destacou que esta iniciativa
“fará que os máis pequenos teñan

un día de disfrute, facendo chegar
ao concello rural máis grande de
Galicia, actividades que ata fai
poucos anos soamente tiñan ac-
ceso os que vivían nunha gran vila
ou na cidade. Por iso, a Deputa-
ción achega a cultura en sentido
amplo, a todos os núcleos, espe-
cialmente ao rural, para que todos
os nenos disfruten de estas acti-
vidades que van a enriquecelos”.



■ Ludoteca no colexio Ben-Cho-Shey.

Xantar representou á gastronomía galega no Festival Gastronómico Bife de Espadarte en Vila Praia de Âncora



■ António Cunha recibe un agasallo de Emma González, de Expourense.

Xantar, o Salón Internacional
de Turismo Gastronómico,
comezou a promoción da
súa XVIII edición participando
como convidado especial represen-
tando a gastronomía galega no Festival
Gastronómico do Bife de
Espadarte (peixe espada), en Vila
Praia de Âncora, Portugal, que se
celebrou do 11 ao 21 de agosto. Ao
acto de inauguración asistiu o al-
calde de Caminha, Luís Miguel da
Silva Mendonça Alves, que destacou
que o festival “celebrase na vila

máis galega de Portugal” xa que un
40% da poboación descende dos
pescadores galegos que iniciaron
hai séculos alí esta actividade. Es-
tivo presente tamén o vicepresi-
dente da entidade de Turismo Porto
e Norte, Jorge Magalhaes, que
anunciou oficialmente a participa-
ción deste organismo na próxima
edición de Xantar. O organizador do
certame, António Cunha, deu as
grazas aos participantes polo prin-
cipal éxito deste festival “antes, os
turistas que se achegaban ata Ân-

cora non podían degustar o espa-
darte en ningún restaurante, pero
hoxe numerosos establecementos
ofértano nas súas cartas, o que
supón unha revalorización dun pro-
duto típico da rexión e incentiva a
economía local”, afirmou. O Festi-
val Gastronómico do Bife de Espa-
darte ofreceu seis receitas
diferentes de peixe espada por un
valor de seis euros cada unha, pre-
paradas por cociñeiros e cociñeiras
tradicionais que teñen un profundo
coñecemento deste produto.

Emma González

A presentación de Xantar correu a
carga da directora de Relacións In-
ternacionais de Expourense, Emma
González, quen agradeceu a impli-
cación das entidades públicas e pri-
vadas portuguesas coa feira galega
e lembrou que “Xantar é a única
feira internacional oficialmente
acreditada, que existe en España,
especializada en turismo gastronó-
mico”. Tamén estiveron presentes
na apertura o deputado no Con-
greso español Celso Delgado e San-
dra Pontedeira, deputada da
Asemblea da República de Portugal,

así como outras autoridades locais.
Expourense e Xantar levan tres anos
consecutivos representando a Gali-
cia neste Festival Gastronómico.
Esta acción é unha máis das que
Expourense promove no campo da
cooperación transfronteiriça na Eu-
rorrexión Galicia- Norte de Portugal,
e dun modo especial en base ás re-
lacións co principal partner que é a
Entidade de Turismo, Porto e Norte.
Xantar promocionou a súa próxima
edición que terá lugar do 1 ao 5 de
febreiro de 2017 e na que Portugal
volverá ser un dos protagonistas,
fomentando así o turismo de proxi-
midade.



■ O espadarte presentouse na mesa de seis formas diferentes.

Galicia

Redacción ALLARIZ

Encontro cos cesteiros en Santa Mariña de Augas Santas

Santa Mariña de Augas Santas celebrou a sétima edición do “Encontro de Cesteiros” organizado polo Concello de Allariz. Artesáns de diferentes puntos da xeografía galega tomaron cos seus postos a rúa principal do núcleo para amosar as súas técnicas e produtos elaborados a partir de fibras vexetais. Cestos de diferentes tipos e tamaños foron maioría na exposición, aínda que durante toda a xornada do domingo 28 de agosto puidéronse ver e adquirir produtos tan distintos como abanicos, chapeus, revisteros, bolsos, caixas e ata elementos decorativos de formas diversas. Tamén estiveron representadas as tradicionais

corozas, capas vexetais coas que os pastores se protexían do frío e a choiva. Os artesáns fixeron demostracións das diferentes técnicas e estilos e houbo obradoiros de cestería para nenos e adultos, un concerto a cargo da Unión Mu-

sical de Allariz e unha comida de confraternización a base de carne de boi. A programación festiva comezou xa o sábado 27 co paseo arqueolóxico desde Santa Mariña ata o castro de Armeá, da man da cooperativa Xeitura.



■ Artesán cesteira traballando na rúa.

Feira da Oportunidade na Alameda

Un total de 18 establecementos de roupa e complementos, calzado, alimentación e xuguetería de Allariz puxeron á venda os seus artigos na Alameda na terceira edición da Feira da Oportunidade organizada pola Asociación de Comerciantes e Hostaleiros de Allariz, coa colaboración do Concello. Os empresarios despediron a tempada estival con grandes descontos en produtos de calidade e primeiras marcas. A feira, de entrada gratuíta, abriu de dez da mañá a dez a noite e incluíu actividades paralelas como o concerto de Os Xardineiros do Blues do sábado 27, e de Blues do País, o domingo 28. Para as familias

con nenos, a organización dispuxo dun servizo de parque infantil de 18,00 a 20,30 horas, con inchables, maquillaxe e globoflexia.



■ Variedade de tendas con desconto na Alameda.

Por Francisco Caldeira Cabral

Na era da globalización e da información, a relación do Homem com a natureza assume uma importância crescente, na medida em que a artificialização das diversas dimensões da vida humana é cada vez maior. Os espaços verdes, como Jardins do Futuro, deverão desempenhar um papel fundamental na estruturação das cidades e na vida quotidiana dos cidadãos. Não é por acaso que os movimentos de protecção da natureza têm cada vez maior número de adeptos e que os partidos políticos utilizam uma linguagem ambientalista para cativar o eleitorado. Importa incrementar uma séria pedagogia do ambiente que levará as gerações futuras a compreender a importância de uma relação harmónica com a natureza. O grande desafio será como conseguir superar os desequilíbrios criados, que vão do buraco do Ozono até à poluição urbana e industrial, e ao consumo desenfreado dos recursos naturais. O progresso da ciência e da técnica terá como limites esta noção complexa do equilíbrio ecológico e ambiental. Cabe à arquitectura paisagista um papel fundamental nesta pesquisa, onde os modelos abertos e experimentais são fundamentais, para a

A Arquitectura paisagista e os Jardins do Futuro



■ Elsa Severino, Francisco García e Francisco Caldeira.

criação de estruturas verdes contínuas viáveis que permitam um desenvolvimento urbano sustentável. A própria concepção de protecção da natureza,

numa primeira fase feita de forma muito estática, quase museográfica, tem de evoluir para uma concepção dinâmica em que o ser humano encontre naturalmente

os seus equilíbrios e participe activamente na evolução da paisagem que o rodeia. É este o conceito de “desenvolvimento sustentável” de que hoje tanto se fala, e por enquanto pouco se pratica. Acreditamos que a educação das gerações futuras e a sua crescente sensibilização para os problemas ambientais será o garante da sobrevivência do ser humano, e um dos grandes desafios deste século XXI. Os Festivais de Jardins de Allariz, contribuem decisivamente para esta sensibilização e pedagogia. O conjunto de propostas que anualmente chegam ao Município de Allariz, demonstram o interesse que estes temas despertam na juventude de todo o mundo. O número crescente de visitantes do Festival de Jardins, traduz o efeito atractivo que esta temática tem sobre a sociedade, cada vez mais confrontada com os problemas ambientais que a rodeiam. A liderança política do Município de Allariz, tem contribuído de forma activa e decisiva, para esta consciência ambiental, criando um modelo integrado de desenvolvimento urbano e rural com valores que se fundem, restando apenas actividades diferentes numa só cultura global humanizada e equilibrada.

a Cervexa do País

Dama Allaricana

www.damaallaricana.es

cervexaallaricana@gmail.com

Tel: 629 452 611

Allariz

Pallabarro

Hotel - Restaurante

allariz - ourensé

Maricarmen e Luigi

Rúa Sur, 1. Tfno 988 55 40 27 - Martes pechado

www.pallabarro.com • info@pallabarro.com

Redacción OURENSE

En busca do apelido Pombo

Maximiano e Xullo Castaño Pombo chegaron desde Salamanca a Galicia en busca das orixes do seu apelido Pombo xa que estes dous irmáns son a sétima xeración. Visitaron a Ribeira Sacra e Allariz e para setembro volverán

a Santiago de Compostela para seguir indagando achega da orixe e liñaxe do seu segundo apelido. Luís López Pombo publica en Galicia Dixital o expediente nobiliario do título de marqués da Casa Pombo así como o escudo heráldico.



■ Maximiano e Julio no bar Pepiño de Allariz.

Degustación de empanada

Allariz celebrou a 45 Festa da Empanada o 20 de agosto. O día anterior houbo triatlón no entorno da Alameda do Arnado. A proba consistiu nun percorrido de 750 metros de natación no río Arnoia, unha carreira ciclista

de vinte quilómetros e una proba a pe de cinco quilómetros. A programación incluíu a venta e consumo de empanadas na Alameda, un desfile de xigantes e cabezudos e un baile vespertino e outro nocturno.



■ Posto de venta de empanadas e racións.

XIV Mercado de Artesanía Arte de Man

O vindeiro 11 de setembro celébrase en Allariz a XIV edición do Mercado de artesanía "Arte de Man", como medio de promoción, demostración en venda dos traballos artesanais, tanto de profesionais locais como os convidados. O mercado desenvolverase nas prazas da vila. O organización pon a disposición das persoas participantes un posto de madeira, que os artesáns e artesás deberán decorar seguindo as indicacións da organización e tendo en conta que o mercado se desenvolve no casco histórico. A participación no mercado de artesanía Arte de Man autorizará ás persoas selecciona-

das á venda de produtos artesanais sendo requisito obrigatorio, que cada posto teña demostración en vivo do seu traballo artesán ao longo de toda a xornada do mercado. O mercado está organizado polo Concello de Allariz, en colaboración coa Asociación de Artesáns de Allariz, e nesta edición está previsto que participen un total de 25 postos. O Mercado de Artesanía "Arte de Man", naceu no ano 2003 co obxectivo de promocionar a artesanía galega, en especial a alaricana. O mercado celébrase nun marco incomparable: as rúas do Casco Histórico de Allariz, en concreto a Praza Maior e a Praza de Abaixo.



■ Mercado de artesanía dunha edición anterior.



Novas da Raia

Redacción CONDADO

0 Centenário das Irmandades da Fala centra o XXX Festival da Poesía no Condado

Será na fim-de-semana do 2 e 3 de setembro em Salvaterra de Minho. Amplia-se a programação poética com recitais durante todo o sábado.

O Centenário das Irmandades da Fala é o tema ao que está dedicado o XXX Festival da Poesia no Condado, que vai ter lugar em Salvaterra de Minho na primeira fim-de-semana de setembro. A Sociedade Cultural e Desportiva (SCD) do Condado vem de pechar um programa dedicado à primeira organização nacionalista galega e no que a poesia vai ser ainda mais protagonista.

A SCD toma o exemplo das Irmandades ao assumir o monolinguísmo em galego e homenageia a trajetória progressista e irmandinha destas agrupações, assim como a sua resistência depois da guerra civil espanhola. As Irmandades da Fala vão estar presentes através da poesia, o teatro, o cartel e o desenho, num programa atrevido de propostas culturais para a sexta-feira, dia 2, e o sábado, 3 de setembro.

Noite nas Minas

O XXX Festival da Poesia começa na sexta-feira, 2 de setembro, às

20:00, com a abertura de exposições. Apresenta-se a mostra de fotografias 'Infinito', de Daniel Pérez, os 'Debuxos de negros' de Castelao (numha coleção decidida pola Editorial Galaxia) e os painéis '100 anos. Irmandade da Fala de Compostela'.

Algo mais cedo que outros anos, às 20:30, arrinca a Noite nas Minas. Recitará, acompanhada dum guitarrista, a poeta Rochi Nóvoa, e dará paso à cantora Sofia Espiñeira. Esta é a única actividade de pagamento do festival; as entradas custam 10 euros (8 para pessoas desempregadas) e podem reservar-se chamado ao 671 200 160 ou escrevendo a info@scdcondado.org. À saída vai-se servir o tradicional caldo verde e sucederam-se as actuações de O Puto Coro do Exército Froilanista e Ronco&foll, e a sessão DJ de Espalda Kemada.

Jornada de poesia

O XXX Festival da Poesia incorpora durante a jornada do sá-

bado mais recitais em diferentes espaços e modalidades. O programa começa às 12:00 coa abordagem poética no comboio de baixa velocidade, que vai percorrer as ruas de Salvaterra desde as 11:30 da manhã. No comboio, e fazendo ruada, vai-se poder ver de novo a Ronco&foll. A abordagem vai-se repetir no campo da festa desde as 19:00.

Durante a manhã também vai abrir a Feira de colectivos e artesanato (desde as 11:30) e a Liga Nacional de Billarda organiza, um ano mais, o Aberto da Poesia (também desde as 11:30).

A sessão vermute vai estar cheia de actividades: Raquel Castro vai apresentar o seu livro 'As terapias da doutora Leticia' (desde as 13:00) e às 13:30 intervinhem KNeves no Autoblues Chicago-Fornelos apresentando o espectáculo 'Servizo discrecional'. A sessão vermute continua até a hora do jantar com Ronco&foll.

A poesia volta às 18:00. No posto da organização, os e as poetas convidadas ao Festival estarão umha hora ao dispor das pessoas assistentes para assinar livros, especialmente a Antologia Poética que a SCD edita cada ano.

Às 19:00. Antía Otero & Isaac Garabatos apresentam 'Varia' nas Covas de Dona Urraca, e, ao rematarem, os membros do colectivo Xuventude Imbécil farán outro recital no campo da festa. Os conteúdos poéticos péchamse na tardinha, à hora do Festival Poético e Musical, no que vão estar Emma Pedreira, Mário J. Herrero, Rui Spranger, Ana Romaní, Aurora Boreal, Oriana Méndez, Jesús Castro, Manolo Pipas, Lara Dopazo e Antón Blanco.

Mais actividades na tarde do sábado

A SCD do Condado nom abandona outras actividades tradicionais do Festival, como a Festa Infantil, que leva por título 'Cóxegas' (busca do tesouro), e começa às 17:00. Para as pessoas adultas, à mesma



hora haverá umha sessão de cinema com a projeção de umha selecção das curtas premiadas no Festival de Cans e de 'Mans Mortas', de Daniel Pérez e Adrián González.

As Irmandades da Fala também vão estar presentes a través de umha representação teatral. A comanhia Limiar Teatro traerá, desde as 18:00, às Covas de Dona Urraca, 'A língua na boca. Letras, riscos e pensamentos de Castelao'.

O Festival remata, mas também começa, às 20:30, com o Festival Poético e Musical que apresenta Xurxo Souto. Ademais das intervenções poéticas sinaladas, Xurxo Martínez vai ler o limiar sobre o Centenário das Irmandades da Fala que escreveu para a antologia poética do XXX Festival, e sucederam-se as actuações de Zurrumalla, Sokram e Familia Caamagno, para finalizar com a sessão DJ de Selecta Alice.

O programa completo, e alguma informação complementar, está na página web da SCD Condado: www.scdcondado.org. A organização agradece a difusão desta informação, com a que se ajuda a difundir a cultura popular e de base e a manter viva esta iniciativa.

Para qualquer questão podem contactar com o endereço de correio electrónico info@scdcondado.org ou com o telefone 671 200 160 (Lara Soto).



TOMIÑO

A Aula Cemit de Tomiño volta a abrir polas tardes

No mes de setembro reanúdanse os cursos de alfabetización dixital en diferentes ámbitos

Aula Cemit de Tomiño, sita no Campo da Feira, abrirá no mes de setembro as súas portas en horario de tarde, co fin de que as persoas que estean preparando exames poidan utilizala para estudar.

Deste xeito, e mantendo 25 horas de apertura semanal, a partir do día 13 de setembro, o horario será o seguinte: de luns a venres de 9:30 a 14:00 horas; e ademais martes e xoves de 19:15 a 20:30 horas. Do mesmo xeito, reanúdanse as actividades que forman parte da programación habitual da aula, coma os cursos de alfabetización dixital, ou o curso organizado entre o Concello, a Asociación Vontade e o Centro de Día, no que un grupo de 25 persoas maiores está aprendendo a utilizar o ordenador.

Nos próximos meses volverase a realizar a convocatoria para a obtención do Certificado en Competencias Dixitais "CODIX", e organizaranse actividades formativas gratuítas de moi diferentes tipos, relacionadas por exemplo, co deseño gráfico, a edición de fotografías, a procura de emprego, etcétera.

Durante os meses de verán, realizouse un curso sobre o uso correcto das redes sociais, ademais de colaborar coa Asociación San Roquiño de Goián mediante actividades relacionadas ca edición de vídeo.

Para máis información pódese chamar ao teléfono 986623304; pasar pola aula sita no Campo da Feira de Tomiño, ou ben, mandar unha mensaxe á dirección de correo electrónico cemit.tomino@xunta.gal.

Tomiño reconece a labor do urbanista Daniel Pino no 10º Acto Cívico das Festas do Alivio

O acto terá lugar o vindeiro domingo 11 de setembro, na Praza do Seixo



Tomiño, 1 de setembro de 2016.- Na 10ª edición do Acto Cívico do Alivio, o Concello de Tomiño homenaxeará, como o vén facendo habitualmente, a un tomiñés distinguido. Este ano o acto, que terá lugar o domingo 11 de setembro ás 11.00 horas na Praza do Seixo, terá coma protagonista a

Daniel Pino Vicente, sociólogo e urbanista, nado en Forcadela en 1943 e autor, entre outros, do libro Galicia Urbana, que vén de presentar xunto a Rubén C. Lois, profesor da USC.

Fundador da empresa Consultora Galega e director do IGVS durante o goberno do bipartito na Xunta de Galicia.

O Concello de Tomiño quere recoñecer con

este acto cívico a traxectoria de Daniel Pino especialmente no eido do urbanismo, salientando o seu gran coñecemento da xeografía rural e urbana, unha das súas paixóns.

O homenaxeado deste ano ten no seu haber numerosas obras no ámbito científico e literario, así coma importantes premios pola súa labor no eido do urbanismo (Premio Europeo de Urbanismo pola Ordenación e Recuperación Integral do Conxunto Histórico de Allariz e o seu río. 1994; Premio Galicia de Deseño polo Plan Xeral de Ordenación de Vilagarcía. 1985, ou Premio Nacional de Urbanismo polo Plan Especial de Protección do Pazo de Oca e o seu entorno. 1981).

Tomiño pon en marcha o programa de compostaxe comunitario en núcleos urbanos

O Concello de Tomiño vén de por en marcha o programa de compostaxe comunitario nos núcleos do Seixo e Goián. Perto de 300 persoas están participando no programa tras as diferentes charlas informativas levadas a cabo pola Concellaría de Medio Ambiente, que dirixe María Xosé Vázquez, co obxecto de informar á veciñanza sobre as vantaxes de este tipo de tratamento de residuos orgánicos.

Segundo explica a concelleira de Medio Ambiente, a iniciativa enmárcase dentro do programa da concellaría, que tamén contempla compostaxe no rural, coa finalidade de diminuír a cantidade de lixo que vai ao colector verde. "Así conséguese un dobre obxectivo: reducir o impacto ambiental, evitando o transporte do mesmo a Cerceda e a súa posterior incineración, e ao mesmo tempo rebaixar os gastos asociados á recollida e tratamento de lixo, que na actualidade constitúen unha

partida importante do orzamento municipal", sinala María Xosé Vázquez.

En Goián o centro de compostaxe comunitario está situado xunto á nova escola infantil e no Seixo, na rúa Gondomar, nunha pequena praza anexa ao Casino. Entre os interesados en participar no programa atópanse ademais de veciños e veciñas, cafetarías, restaurantes, panadarías, etc.

Manuel Gómez é o técnico encargado de levar adiante o programa, co apoio da Deputación de Pontevedra e o Concello tomiñés.

As persoas interesadas en participar poden inscribirse nas oficinas xerais do Concello.

Para máis información, chamar á Concellaría de Medio Ambiente (986 62 20 01); á Deputación e preguntar por Manuel Gómez, técnico do Plan Revitaliza (986 80 41 00), ou ben, escribir un correo electrónico a manuel.gomez@depo.es

A GUARDA

A Guarda da a benvida ao mes de setembro esta fin de semana coas Festas da Guía e o ciclo "Camposancos de Cine"

Esta primeira fin de semana do mes de setembro ven marcada, na Guarda, pola celebración das Festas da Guía no barrio de Ribadavila. Esta festa organizada pola Comisión de Festas Virxe da Guía traerá ao pobo, dende o xoves día 1 de setembro ata o domingo día 4, diversas actividades culturais, deportivas e de lecer.

O xoves, 1 de setembro, celébrase unha xornada adicada á xuventude na Praza Avelino Vicente a partir das 20 horas. Neste evento os máis cativos quedarán cautivados pola maxia da actuación do Mago Marco. Pero ademais haberá moita música, coa Banda Xuvenil de Mougás, a Coral polifónica da Guarda e o concerto do grupo Pretty Shirts.

O venres día 2, pola noite, ofrecerá un concerto o grupo Batemento, que irá seguido polas actuacións das orquestras Los Estelares, Ícaro e Santos Morcegos.

Ó día seguinte, o sábado 3 de setembro, da comezo o primeiro Ciclo de Cine "Camposancos de Cine". Este acollerá a estrea de 3 películas feitas por directores, actores e veciños do pobo relacionados co

mundo audiovisual en tres datas ao longo do mes de setembro. A primeira será a proxección o día 3, ó aire libre na Praza de San Amaro ás 21,30 horas, da curta de Nani Matos Lurna.

Tamén o sábado terá lugar o VII Torneo de Cachiza da Gándara na rúa das Pozas ás 16 horas. E nas Festas da Guía a noite do sábado estará amenizada polo concerto de Mayor Tom. Despois tomarán o relevo, para completar a velada, a orquestra Los Duendes e Dumore & Christian.

No derradeiro día da fin de semana e das Festas da Guía, o domingo día 4, celebrárase ás 11 horas da mañá a misa, seguida da procesión co Grupo de Gaitas da 3ª Idade e Refaixos e Polainas. Xa pola tarde, ás 17 horas, terán lugar as tradicionais poxas. E como colofón haberá á medianoite unha gran tirada de fogos de artificio e un espectáculo de Flyboard no Porto da Guarda.

Invítase a todos os veciños, veciñas e turistas a desfrutar da Guarda, da súa variada axenda cultural e dunha das súas festas nesta primeira fin de semana do mes de

Novas da Raia

SALCEDA

Fotos: Hernández

Salceda ofrece callos aptos para celíacos na súa XXIV Festa dos Callos



O domingo 4 de setembro, Salceda de Caselas vivirá unha nova edición da Festa dos Callos, a vixésimo cuarta, organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Salceda coa colaboración de Frigolouro, do Grupo Coren, na que as previsións apuntan a que

se despacharán máis de 20.000 racións de callos ao longo de todo o día, previsións que sempre se quedan curtas e que dan unha boa visión da magnitude da festa.

O alcalde de Salceda de Caselas, Marcos Besada, xunto coas Concelleiras de Cultura e Turismo,

Tere Pérez e Loli Castiñeira, presentou hoxe, na Praza do Concello de Salceda, o programa da XXIV Festa dos Callos de Salceda que se desenvolverá os días 3 e 4 de setembro, nun acto no que estiveron acompañados de representantes de Frigolouro e da adega "Señorío de Rubiós", que van ser os encargados da elaboración dos Callos e de subministrar o viño tinto, un Condado da D.O. Rías Baixas.

Dende as dúas da mañanciña do domingo comezarán a cociñarse todos os ingredientes para poder servir, xa dende as 9:30 horas, as primeiras desas 20.000 racións de callos que a organización ten pensado despachar ao longo de todo o día e para as que será preciso contar con 1.800 quilos de ventre, 2.300 quilos de garavanzos 350 quilos de chourizo e 400 quilos de lacón. Este ano ademais, como novidade, serviránse tamén callos singluten, polo que tamén os/as celíacos/as poderán

degustar o prato sen maior problema.

O prezo das racións, seguirá sendo de 8 euros, incluíndo o pan, o prato e a taza conmemorativos da Festa.

Pero o programa dunha festa que ten vintecatro anos de historia ás súas costas, non se pode cinguir a un só día, así que o Concello de Salceda artellou un programa de actividades que comeza xa o sábado 3 coa Xincana "Festa dos Callos" con saída dende a Praza do Concello. Ás 21:00 horas, terá lugar a actuación de Isi no Auditorio Municipal, e a xornada do

cargo do humorista galego Isi. Xa pola tarde, ás 21:00, terá lugar o concerto do grupo Batemento, de Salceda, no Auditorio Municipal. A programación complementárase coa celebración da III Feira de Agricultura Ecolóxica e Artesanía, ao longo da Rúa Pontevedra e da Praza de Abastos. Tamén a Asociación Galega de Autocaravanas se suma á Festa dos Callos, tendo xa confirmada a presenza de 50 autocaravanas na fin de semana, para as cales o Concello reservará a zona próxima á área de autocaravanas existente no casco urbano.



sábado rematará co X Serán dos Callos que se desenvolverá na Praza do Concello, no que poderán participar os grupos de gaiteiros/as, pandeireteiras... que o desexen.

O domingo 4, celebración da festa dos callos propiamente dita, ás 9:30 horas abíranse as taquillas e comezará o despacho de racións de callos, á espera do pregón das festas que terá lugar ás 12:00 horas e que correrá a

Marcos Besada, Alcalde de Salceda, destacou que con esta festa péchase o ciclo festivo do verán. O alcalde lembrou que se espera a presenza dunhas 20.000 persoas e agradeceu a implicación do persoal do Concello así como dos máis de 30 voluntarios que traballarán na festa. Tivo tamén palabras de agradecemento para a empresa Frigolouro, encargada da elaboración do prato.





Señorío de Rubiós Albariño
GRAN BACO de ORO "Premio Luís Hidalgo" 2016
Mejor vino joven 2015

Liñar de Vides Albariño
BACO DE ORO 2016

SEÑORIO DE RUBIOS

SEÑORIO DE RUBIOS

Bouza do rato c/ 26449 Rubiós, As Neves, Pontevedra, Galicia. 986 567 212 info@señorios.com www.señorios.com

SALCEDA

O Concello de Salceda devolve 635 euros de media aos seus empregados públicos



Os novos orzamentos municipais recentemente aprobados contemplan unha partida específica para o abono da paga extra de Nadal de 2012 que lle fora retirada por

Lei do Goberno Central aos empregados/as públicos. O Equipo de Goberno de Salceda de Caselas (Movemento Salceda) ven de autorizar o pago do 50% restante do importe da paga

extra de Nadal de 2012 aos seus empregados públicos que por aplicación do Real Decreto Lei 20/2012 do 13 de xullo deixaran de percibir este ingreso.

Con esta medida que viña contemplada nos orzamentos municipais 2016 e que entraron en vigor recentemente, un total de 44 empregados/as van recuperar unha cantidade total de 27.971 € que verán reflexada na nómina deste mes.

O Concello de Salceda xa fixera o ano pasado o pago do outro 50% acolléndose a Lei 36/2014 de 26 de decembro e ao RDL 10/2015 de 11 de setembro, que deixaban liberdade aos Concellos para proceder á devolución desa porcentaxe e deixando a partir do 2016 o restante. Para iso, era condición indispensable

contar co informe favorable de Intervención, no que se aconsellase que a situación económico-financieira do Concello fíxese posible esta devolución, condición que se deu e se segue a dar no caso de Salceda de Caselas e segundo se conclúe no informe a Interventora Municipal.

O Equipo de Goberno de Salceda de Caselas, sempre se amosou en contra da medida da retirada da Paga Extra do ano 2012 e que fora aprobada polo Goberno do Estado, polo que agora se acolle á opción da devolución do 100% que permite a Lei, unha vez que se dan as circunstancias económicas precisas no Concello para poder levar a cabo esta devolución.

Jose Luis González, Concelleiro

de Facenda e Persoal de Movemento Salceda: “seguimos a defender a nosa posición do 2012, cando nos amosábase en contra da retirada, por Lei e por parte do Estado, dun dereito básico dos/as traballadores/as. Ante esta posibilidade legal, o Equipo de Goberno así o demostra, acolléndose á posibilidade de reintegro duns ingresos que nunca deberon ser retirados”

Loli Castiñeira, Alcaldesa Accidental de Salceda: “Os/as Empregados/as Públicos/as pagaron unha crise da que non eran culpables, con contínuos recortes e perda de dereitos. Queremos pensar que esta non sexa unha medida electoralista e que realmente o Goberno restituía os dereitos adquiridos dos/das traballadores/as”.

Movemento Salceda lamenta a irresponsabilidade do PP

Nun acto de irresponsabilidade co seu cargo, o Grupo Municipal do PP abandonou o Pleno Ordinario ao non conseguír saírse coa súa

O Pleno Ordinario do Concello de Salceda que se celebrou o pasado venres, viviu un momento insólito co abandono do Grupo Municipal do PP en plena sesión. Os populares pretendían imponer unha serie de modificacións no Orzamento Municipal de 2016, que entraron en vigor definitivamente o pasado 1 de agosto coa publicación no BOP. A mesma Secretaria Municipal aclarou na Sesión que o que plantexaban os populares era un rogo pero nunca unha moción resolutiva, tachando a petición de improcedente. Cos Orzamentos aprobados en firme, a Lei establece esgotada a vía de alegacións, polo que non hai cabida para as pretensións do grupo popular, cúa única opción sería a de presentar un Recurso de Reposición.

Movemento Salceda lamenta a actitude irresponsable dos grupos da oposición, que coa súa “pinza” impediron que os provedores puidesen cobrar as

súas facturas pendentes, despois de cinco Plenos coas súas correspondentes Comisións Informativas, o que leva dilatado o proceso máis de catro meses. Co acontecido no último Pleno queda demostrada unha vez máis a actitude de bloqueo sistemático da acción de goberno por parte dos grupos da oposición, en contra dos intereses dos veciños e veciñas de Salceda. Movemento Salceda lamenta a actitude antidemocrática que amosou o Partido Popular, levantándose dun Pleno para o cal foron eleixidos polos veciños e veciñas de Salceda, faltándolles así ao respecto, e preferindo unha vez máis defender os seus propios intereses.

A frustración de ter perdido as eleccións leva a PP e PSOE a buscar múltiples “ocurrencias” para intentar conseguir o que non lles deron as urnas. Lembrando dende Movemento Salceda que “non se pode gobernar dende a Oposición”, a súa laboura é outra.

XXIV FESTA DOS CALLOS

Salceda de Caselas

3 e 4 de setembro de 2016

Sábado 3

16:30 Xincana “Festa dos Callos”. Saída da Praza do Concello

21:00 O Show de Isl. Auditorio Municipal. Venda anticipada de entradas na Casa da Cultura

22:30 X Serán dos Callos. Praza do Concello

Domingo 4

9:30 Apertura de taquillas e despacho de callos

12:00 Lectura do pregón a cargo de Isl

12:30 Baile moderno: Dinamik

13:00 Grupo folclórico de Castro Barreiro.

21:00 Batemento en Concerto. Auditorio Municipal. Venda anticipada de entradas na Casa da Cultura

e ademais:

III Feira de Agricultura Ecolóxica e Artesanía

Novas da Raia

LOURIÑA

XV Edición de Merca na Rúa

Merca na Rúa, que se celebra o sábado 3 e domingo 4 de setembro no Porriño, bate a marca de participación de establecementos que ofrecerán rebaixas de ata un 80% nos seus artigos



Merca na Rúa ofrecerá artigos rebaxados “ata nun 80%”, subliñou este mércores a o concelleiro de Comercio, Marcelino Coto, durante a presentación desta feira, que se celebra no Porriño o sábado 3 e o domingo 4 de setembro.

A presidenta da Asociación Comerciantes e Industriais de Porriño (ACIPOR), Juana Pérez, lembrou que nesta edición, a número quince que organizan os comerciantes porriñeses, participarán un total de 25 establecementos, un número que aumenta en relación cos anos pasados, e que contará con zapatarías, comercios de prendas y artigos deportivos, complementos, lencería, óptica, roupa para cativos ou electrodomésticos.

A xerente de ACIPOR, Noelia Conde, salientou que Merca na Rúa estará aberta na zona peonil do Porriño de 10 da mañá a 9 e media da noite o sábado, día 3, e

de 11 da mañá a 8 e media da tarde o domingo, día 4, e comentou que este ano, como novidade, Merca na Rúa se celebra a primeira fin de semana de setembro e non a segunda, como nas edicións anteriores.

Pola súa banda, o concelleiro de Comercio engadiu que, unha vez máis, haberá todo un programa de actividades para as nenas e nenos, “para que os seus pais e avós poidan comprar con tranquilidade”, entre elas inchábeis, na Praza de Antonio Palacios.

Marcelino Coto, quen invitou a todo o mundo a achegarse ao Porriño esta fin de semana, comentou que o Concello asume, tamén, os custes de alumeado, megafo-nía, limpeza, colocación de probadores, as atraccións para os pícaros e a “vixianza de seguridade dos postos, para que os expositores non teñan que recoller e desmontar os seus stands pola noite”.





“BUSCAMOS PERSOAS AMBICIOSAS”

Ofrecemos **traballo** nas áreas de:
Vigo, Baixo Miño, Val Miñor e Alto Minho portugués
Boas condicións económicas – Horario libre

Póñerse en contacto con: guillermo@novasdoeixatlantico.com – Telf. 658 58 50 49

PORRIÑO

Eva García de la Torre, coma Presidenta de Augas do Louro, asina un convenio coa Conselleira de Medio Ambiente para a mellora de rede de saneamento de Mos, Salceda, Tui e Porriño e chegar a máis de 55.000 veciños

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, coma presidenta do Consorcio de Augas do Louro, asinou este mércores, coa conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, un convenio polo cal o Goberno de Galicia investirá máis de un millón de euros na execución de varias actuacións en materia de saneamento e depuración, que mellorarán a calidade ambiental do río Louro e das súas masas de auga.

Acompañada pola alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, es os alcaldes de Tui, Enrique Cabaleiro, e Salceda de Caselas, Marcos Besada, García de la Torre e Mato rubricaron os proxectos de mellora do saneamento que permitirá levar o mesmo a parroquias

do rural dos catro concellos, integrados no Consorcio, que abrangue a 21.000 vivendas e máis de 55.000 veciños.

Polo que atingue ao Porriño, Augas de Galicia executará as obras para poñer en marcha unha nova rede de saneamento na zona da Vacaría, na parroquia de Budiño. Esta actuación vai contar cun investimento de 425.000€, e contribuirá ao compromiso adquirido polo actual Goberno local de levar o saneamento ás parroquias.

Este orzamento ao se suma a 1.500.000€ destinados ao saneamento de San Estevo de Budiño, onde hai que lembrar que xa se realizaron actuacións por un total de 528.000€.



2-3 SETEMBRO **7ª EDICIÓN** **GOIÁN (TOMIÑO, GZ)**

MINHOREGGAE **SPLASH** **2016**

Heggae Pon Di River

VIVIAN JONES **SABADO 3**

BACKED BY **ELEPHANTS BAND**

THE TUFF LIONS

ANGATU BUSH DOCTORS

TRANSILVANIANS **VENRES 2**

GANJAHR FAMILY

BACKED BY **ATLANTIC FORCE BAND**

HIGH PAW

BACKED BY **ELEPHANTS BAND**

ABONO 2 DIAS CAMPING ADULTOS 20€ FAMILIA 35€

ZONA OCUPADA - PRIMA TUMBA - ORNAMENTOS ACORDEONES DE TARDOR - CERVEZAS ATTERMANUS - ALIMENTOS - STANDS - ALIMENTACIÓN VEGANA

PRODUCE **DUB WEBCAM HI-FI** **POWERED BY MAIS LUME**

CORNER **IRIE ZION + REAL ROCKERS + JUNIOR DREAD** **KOLEKTIVE**

INTERNATIONAL FOUNDATION REGGAE FESTIVAL **SKA ROCKSTEADY ROOTS DUB R&B A&DUB**

ORGANIZA APOYA COLABORAN

VISITAS GUIADAS GRATUÍTAS

MONTE SANTA TREGA

DO 1 DE SETEMBRO Ó 15 DE OUTUBRO DE 2016

DE MARTES A SÁBADO:

12:00 - Punto de encontro no Museo (90 min)

16:15 - Punto de encontro no Castro (60 min)

17:30 - Punto de encontro no Castro (60 min)

Visitas gratuitas. A taxa de acceso ó monte é de 1€ os adultos e de 0,50€ os menores de 15 anos. Os grupos de máis de 10 persoas deben realizar reserva previa no tel. 986 610 504

Novas da Raia

SALVATERRA DE MIÑO

Fotos: Hernández

Festa do Viño do Condado do Tea



MONDARIZ

I Edición Premios Mondariz

A Conservación e rehabilitación arquitectónica



■ A casa de Pilar Salgueiro.

O Concello de Mondariz entrega este venres día 26, ás 21 h os premios correspondentes á 1ª edición do Premio Mondariz á Conservación e Rehabilitación Arquitectónica. Con esta iniciativa Mondariz quere contribuír á protección, realce e valorización do patrimonio arquitectónico e etnográfico situado dentro do seu termo municipal. O xurado do premio estivo formado, entre outros, pola arquitecta municipal, Sila Cecilia Martínez Abal, José Granados Marín, Director da Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, e por Antonio Davila Alonso, Presidente da delegación de Vigo do Colexio de Arquitectos de Galicia.

O alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes, asegura que “o futuro de Mondariz pasa por reencontrarse co seu pasado, conservando a

valiosa arquitectura tradicional que levantan os nosos antepasados”. O rexedor cre que apostar pola conservación do patrimonio cultural “é unha aposta que nos vai permitir gañar o futuro e diferenciarnos para ben nun mundo cada vez máis global e estandarizado que tamén valora o xenuíno, o auténtico e orixinal”.

Esta iniciativa está apadriñada polo prestixioso arquitecto pontevedrés César Portela, catedrático de arquitectura da Universidade da Coruña, creador de obras como o Museo Verbum de Vigo, o Museo del Mar de Galicia, a ampliación do aeroporto de Peinador ou do edificio da Estación de Autobuses de Córdoba, que o fixo merecedor do Premio Nacional de Arquitectura.

Coa finalidade de divulgar a cultura da conservación e recuperación do patrimonio cul-

tural, os traballos premiados serán expostos na Praza Blanco Lage durante as próximas semanas a fin de que poidan ser coñecidos en detalle pola veciñanza e polos turistas que nos visitan.

Un concello pioneiro en Galicia

Mondariz é o primeiro concello de Galicia en crear un premio destas características, xa que no noso país non existe ningún outro galardón semellante outorgado por un municipio. A propiedade das casas premiadas recibirán un deseño orixinal da artista Irene Silva alusiva ao patrimonio etnográfico e arquitectónico galego, así como unha bonificación do 50% no importe do ICIO (Imposto de Construcións, Instalacións e Obras) ou do IBI (Imposto de Bens Inmóveis) segundo se trate do premio na modalidade de rehabilitación ou de conservación.



■ A casa de turismo rural A Cantaru xa Maruxa

Iníciáanse os traballos de limpeza da colonización vexetal da Ponte de Cernadela

No día de onte, xoves, iniciáronse os traballos de limpeza de vexetación da monumental Ponte de Cernadela de Mondariz, que une os barrios do Ceo (Sta Baía de Mondariz) e Cernadela (Riofrio). Os traballos, que executa unha empresa especializada de restauración de bens culturais, consisten na retirada da vexetación (toxos, silvas, etc....) que foi medrando ao longo dos últimos anos nos intersticios dos perpiaños que conforman a ponte, nomeadamente na cabeceira dos tallamares (os contrafortes de planta triangular que reforan a estrutura da ponte augas arriba e abaixo).

O alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes, solicitou hai agora un ano á Concellería de Cultura que colaborase co Concello para levar a cabo este proxecto, que agora por fin se fai realidade para ben do monumento, que lucirá a maior parte do verán en perfecto estado de revista

para ser admirado pola veciñanza e polos centos de visitantes que nos visitan. O importe dos traballos, que financia integramente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, supera os 8.000 €.

A Ponte de Cernadela é un dos monumentos imprescindibles de Mondariz e, pola súa fermosa factura, un dos monumentos máis icónicos de Galicia. De rasante alombada, sufriu modificacións ao longo dos séculos, sendo totalmente reformada no século XV. Os cinco arcos conservados son de estilo oxival, excepto o máis pequeno da banda do barrio do Ceo, que conserva o arco de medio punto. A lonxitude total da ponte alcanza os 70 m, e nela debeuse pagar portaxe como evidencian algunhas pedras do seu peitoril, servía de paso da Vereas, un camiño de orixe medieval que unía a comarca do Ribeiro co porto de Rondela e servía para comerciar con viño e peixe respectivamente.



Novas da Raia

CERVEIRA

Autarquia propõe atribuição da mais alta condecoração municipal aos Bombeiros Voluntários

Para assinalar o centenário do Corpo de Bombeiros de Vila Nova de Cerveira, o executivo municipal aprovou propor à Assembleia Municipal a atribuição da Medalha de Honra do Município à Associação Humanitária dos Bombeiros Voluntários, durante as comemorações do próximo Dia do Município, a 01 de outubro.

A 31 de outubro do ano de 1915 foi criado o primeiro Corpo de Bombeiros Voluntários de Vila Nova de Cerveira no seio da “Delegação da Cruz Vermelha de Cerveira” para, em 1935, dar lugar à Associação Humanitária dos Bombeiros Voluntários que ainda hoje mantém em atividade um corpo de bombeiros amplamente reconhecido pela população.

Depois de, a 01 de outubro de 2011, a Câmara Municipal ter entregue a Medalha Municipal de Mérito Humanitário – Grau Ouro – à Associação pela excecional relevância da sua vida e obra em prol da defesa dos cerveirenses e de Vila Nova de Cerveira, o reconhecimento é reforçado por ocasião da celebração dos 100 anos de existência, propondo a atribuição da mais alta distinção municipal, a Medalha de Honra do Município.



Ao longo dos 100 anos de existência, o campo de ação do Corpo de Bombeiros Voluntários de Vila Nova de Cerveira no concelho não se esgotou somente

no socorro à população do concelho mas teve, também, um papel preponderante na dinamização social e cultural. Na atualidade, a Associação tem como

desígnio principal a proteção de pessoas e bens, designadamente o socorro a feridos, doentes ou náufragos e a extinção de incêndios, detendo e mantendo em

atividade um corpo de bombeiros voluntários. Desenvolve ainda mais atividades, individualmente ou em associação, com outras pessoas singulares ou coletivas a prestação de cuidados de saúde, atividades de caráter social de apoio e proteção à infância, à juventude, à deficiência e aos idosos ou em qualquer situação de carência que justifique uma atuação pró-humanitária.

O Dia do Município de Vila Nova de Cerveira é celebrado a 01 de outubro, com um programa que procura refletir o conceito de cidadania ativa, agraciando um conjunto de entidades e personalidades do concelho. Para este ano, e por se tratar da Medalha de Honra do Município, esta proposta vai ainda ser submetida à apreciação e votação pela Assembleia Municipal de Vila Nova de

Executivo recebeu Inês Fernandes antes da participação nos Paralímpicos



A escassos dias de representar Portugal nos Jogos Paralímpicos no Brasil, Inês Fernandes, a atleta da Associação Desportiva, Recreativa e Cultural de Lovelhe (ADRCL), e o seu treinador Professor Jorge Rodrigues, estiveram na Câmara

Municipal de Vila Nova de Cerveira para apresentar cumprimentos ao executivo antes da partida para o Rio de Janeiro. Autarquia ofereceu o brasão cerveirense como símbolo de reconhecimento pelo excelente trabalho que tem desenvolvido

no desporto. O presidente da Câmara Municipal, Fernando Nogueira, o vice-presidente Vitor Costa, e a vereadora Aurora Viães receberam a atleta e o seu treinador, realçando o exemplo de dedicação e de superação desta jovem,

fazendo votos de uma excelente participação naquele que é um dos eventos desportivos mais mediáticos do mundo.

Inês Fernandes, natural de Valença, treina há 12 anos no Centro Municipal de Atletismo, localizado em Vila Nova de Cerveira, e conta com os apoios das Câmaras Municipais de Cerveira e de Valença, assim como da União de Freguesias de Vila Nova de Cerveira e Lovelhe e da União de Freguesias de Valença, Cristelo Covo e Arão, para além das boas condições proporcionadas pela empresa onde labora que lhe permitem trabalhar e treinar em simultâneo.

Esta é a segunda presença de Inês Fernandes, de 28 anos, numa edição dos Jogos Paralímpicos depois de, em 2012 em Londres, ter alcançado um excelente 4º lugar, além de ter sido a porta-estandarte de Portugal na cerimónia de abertura.

Atualmente, a atleta ocupa a 5ª

posição da hierarquia mundial da especialidade, e no seu palmarés conta com mais de 50 medalhas conquistadas em campeonatos do Mundo e da Europa, em lançamento do Peso Disco e Martelo.

Os Jogos Paralímpicos de 2016 decorrem entre 7 e 18 de setembro e, entre os melhores atletas Paralímpicos do mundo, encontra-se Inês Fernandes, atleta da ADRCL Lovelhe, que vai procurar alcançar mais um excelente resultado para juntar a um vasto palmarés.




A GUARDA



de
Nani Matos
3 setembro
21:30h.
con BieitoSolo
Praza de
San Amaro



de
Estefanía Alonso
10 setembro
21:00h.
Casino de
Camposancos



de
Xurxo Chirro
PROXECTO SOCHEO
17 setembro
21:00h.
Casa de Montes
de Camposancos

Organizem:

COMUNIDADE DE MONTES
DE CAMPOSANCOSAsociación Recreativa e Cultural
Os Amigos
de Camposancos

Colaboran:

CONCELLO
DE
A GUARDACOMISIÓN DE FESTAS
VIXAS DO CARMON
A GUARDA

BIEITO SOLO (Música)

BRAIS MARTÍNEZ (Fotografía)

Novas da Raia

PONTEAREAS

Ponteareas presenta o programa das festas de setembro, cargada de actividades para todos os públicos

As festividades patronais dos Remedios, do 8 ao 11 de setembro, de San Miguel, o 29 e 30, e a X edición da Feira Tradicional dos Remedios ou XLIX concurso de gaitas entre outros, centran as actividades do mes de setembro.

Ademais, como ven sendo tradición contaremos cos tradicionais pasarrúas de xigantes e cabezudos, lanzamento de globos, festival folclórico e as actuacións das bandas de música Unión de Guláns, Xuvenil de Xinzo, Reveriano Soutullo, e as orquestras, Alkazar, Abanico, América, Satélites e Miramar e os grupos tradicionais Pelepau, Cantares do Brión Quempallou e Cé home orquestra que amenizarán as rúas e prazas de Ponteareas.

O mes de setembro en Ponteareas é un mes especial porque concentra nas súas datas dúas das festividades locais máis importantes do ano: a festa das Virxe dos Remedios, o 8 de setembro, e San Miguel, o 29 de setembro. A primeira das festividades, a dos Remedios, comezará o día 8 co seu tradicional pasarrúas de xigantes e cabezudos ás 12.00 horas polo casco urbano, acompañados de música tradicional. Ás 20.00 horas, inaugurarase a exposición fotográfica e pictórica Unha Porta do Rial no auditorio municipal. Deseguida, ás 21.00, a banda de música Unión de Guláns ofrecerá un concerto. Ás 21.30 e ás 00.00 horas, a orquestra Alkazar ofrecerá senllas sesións de verbena na praza do Bugallal. Entrementres, ás 22.30, a banda de música tradicional galega Pelepau ofrecerá un concerto na Praza Maior.



O sábado 10 a décima edición da Feira Tradicional dos Remedios ampliada este ano tamén a rúa constitución e praza de Bugallal, onde se instalarán os postos de diferentes produtos de artesanía e da terra. A partir das 10.30 horas as rúas da vila encheranse de vida e historia, con exposición de fotos antigas, música tradicional e teatro e animación de rúa con Cé Orquestra Pantasma. Ás 16.30, a Praza Maior acollerá o obradoiro de xogos tradicionais Xogando Miudinho. A

partir das 18:00, o grupo tradicional Cantares de Brión fará un percorrido polas rúas da vila e a partir das 20:30 fará un concerto no auditorio municipal.

XXIX Festival Folclórico do Condado se celebrará en dúas xornadas, domingo 11 e domingo 18 coa participación dos grupos folclóricos e de pandereteiras do Centro Cultural de Xinzo, de Padróns e de Areas; e a Pedra da Garza de Fozara, Algazara de Celeiros, Sadeo de Pias e os Muíños de Oliveira respectivamente.

• O xoves 29, día de San Miguel, a banda de música xuvenil de Xinzo ofrecerá un concerto a partir das 11.00 horas nos Xardíns do Concello. A partir das 13.30, comezará o tradicional lanzamento dos globos de San Miguel na Praza Bugallal. Pola tarde, ás 19.00, terá lugar o lanzamento do globo grande na Rúa Rosalía de Castro.

As verbenas dos Remedios estarán amenizadas polas orquestras e grupos de música tradicionais Alkazar, Pelepau,

Abanico, e América. En S. Miguel contaremos coas orquestras Satélites e Miramar e o grupo Quempallou. Outras actividades

Ademais durante todo o mes haberá o concurso de Karaoke, Certame de Play Back, Musical Peter Pan, actividades deportivas e outras organizadas por diferentes colectivos e asociacións, ademais dos tradicionais oficios relixiosos, misas e procesións das festividades dos Remedios e de San Miguel

O Campus-Tea 2016 contou cun 55% máis de prazas que no ano anterior

O día 31 conclúe a segunda edición do campamento urbano "Campus-Tea" que se desenvolveu durante os meses de xullo e agosto. Neste verán ofertáronse un total de 310 prazas nas catro quendas quincenais. "Logramos incrementar nun 55 % o número total de prazas do campamento, coa finalidade de dar o máximo apoio ás familias e así poder conciliar a vida laboral e familiar, tan necesaria na actualidade", manifestou a concelleira de Ensino, Cristina Fernández

quen engadiu que "o balance do campamento é moi positivo, todos os nenos e nenas de Ponteareas disfrutaron cando menos dunha quenda de quince días". A última quenda, do 16 ao 31 de agosto, xira sobre "O País dos Sentidos", unha temática na que os cativos e cativas están volcados en xogos e experiencias sensoriais cos cinco sentidos. Celebran a Gran Festa da Auga, visitan o Parque de Bombeiros, e mesmo realizarán un xogo de exterior: "A procura do tesouro das Illas Cies". Rematando

cunha charla sobre hixiene bucal e o día 31 coa Festa de Despedida.

O pasado mércores, o Campus-Tea fixo unha saída para coñecer a oferta alimentaria da Praza de Abastos de Ponteareas. Os cativos tiveron a oportunidade de entrevistar aos pranceiros e mostrar as habilidades adquiridas nestes días sobre a linguaxe de signos.


Tamén aproveitaron para visitar algúns establecementos con produtos ecolóxicos e facer unha degustación dalgún deles.



festas setembro PONTEAREAS 2016



Concello de Ponteareas
Concellaría de Cultura e Turismo
Concellaría de Deporte



Venres 3

19:00 h Praza Maior: "PALABRAS MÁXICAS"

Domingo 4

21:30 h Ponteareas cidade. Cine na rúa "JURASIC WORLD"

Martes 6

21:00 h Feira Vella. Musical "PETER PAN: O LUGAR ONDE VIVEN AS FADAS". Alumnado do IES Val do Tea.

Xoves 8

DÍA DOS REMEDIOS

12:00 h Pasarrúas dos xigantes e cabezudos polo casco urbano acompañados de música tradicional

20:00 h Auditorio Municipal. Apertura exposición de fotografía e pintura "UNHA PORTA DO RIAL"

21:00 h Auditorio Municipal. Concerto BANDA DE MÚSICA "UNIÓN DE GULÁNS"

21:30 h e 00:00 h Praza Bugallá. Verbena amenizada polo grupo "ALKÁZAR"

22:30 h Praza Maior. Concerto do grupo "PELEPAU"

Venres 9

18:00 h Praza Maior. IV CONCURSO DE KARAOKE "Festas de setembro", modalidades infantil e adulto

Sábado 10

X FEIRA TRADICIONAL E ECOLÓXICA DOS REMEDIOS

10:30 h Apertura na rúa Constitución e Praza Bugallá. Actuación de grupos de música tradicional, teatro de rúa. Animación con "CÉ ORQUESTRA PANTASMA"

16:30 h Praza Maior. Obradoiro de xogos tradicionais "XOGANDO MIUDINHO"

19:00 h Pasarrúas do grupo "CANTARES DO BRIÓN"

20:30 h Auditorio Municipal. Concerto do grupo tradicional "CANTARES DO BRIÓN"

22:00 h Praza Maior. Verbena amenizada pola orquestra "ABANICO"

Domingo 11

11:30 h Pasarrúas polo casco urbano do Concello

12:00 h Xardíns do Concello. Concerto da BANDA DE MÚSICA "REVERIANO SOUTULLO"

18:00 h Pasarrúas dos grupos participantes no "XXIX FESTIVAL FOLCLÓRICO DO CONDADO"

19:00 h Feira Vella. Actuación dos grupos de pandeiradeiras e grupos folclóricos participantes no "XXIX FESTIVAL FOLCLÓRICO DO CONDADO": G.CENTRO CULTURAL DE XINZO, G.E. E PANDEIRETEIRAS DE PADRONS, G.F. E PANDEIRETEIRAS DE AREAS

21:30 h Praza Maior. Verbena co grupo "AMÉRICA"

Venres 16

19:00 h Ponteareas cidade. "CARMIÑA MIUDIÑA, A PINGA QUE QUERÍA SER CIENTÍFICA". Compañía BocAberta

Sábado 17

20:00 h Auditorio Municipal. Espectáculo de PLAY BACK: Centro Cultural de Arcos, Centro Cultural de Prado e Centro Cultural Os Muíños de Santiago de Oliveira

Sábado 17 e domingo 18

Rúa volante: "A LENDA DAS CINCO IRMÁS".

Organiza grupo de Voluntariado Municipal

Domingo 18

18:00 h Pasarrúas dos grupos participantes no "XXIX FESTIVAL FOLCLÓRICO DO CONDADO"

19:00 h Feira Vella. Actuación dos grupos de pandeiradeiras e grupos folclóricos participantes no "XXIX FESTIVAL FOLCLÓRICO DO CONDADO": A PEDRA DA GARZA de Fozara, ALGAZARA de Cedeiros, SADEO de Pias e OS MUÍÑOS de Santiago de Oliveira

Sábado 24

12:00 h Pasarrúas dos xigantes e cabezudos polo casco urbano acompañados de música tradicional

De 16:00 a 21:00 h Praza Maior. DÍA DA INFANCIA. Actividades e inchables

17:00 h Auditorio Municipal. "XLIX CONCURSO DE GAITAS"

21:30 h Polo casco urbano. Actuación dos grupos gaiteiros no "XLIX CONCURSO DE GAITAS"

Mércoles 28

Feira Vella, Praza Bugallá, Praza Maior. Xornada de xogos populares "BRINGAMOS"

Xoves 29

11:00 h Xardíns do Concello. Concerto da "BANDA DE MÚSICA XUVENIL DE XINZO"

13:30 h Praza Bugallá. Lanzamento de globos de S. Miguel

19:00 h Rúa Rosalía de Castro. Lanzamento globo grande

21:00 h Praza Maior. Verbena coa orquestra "LOS SATELITES"

Venres 30

21:00 h Praza Bugallá. Verbena coa orquestra "MIRAMAR"

22:30 h Praza Maior. Concerto "QUEMPALLOU"

00:00 h Praza Bugallá. Verbena coa orquestra "MIRAMAR"

exposicións

De 8 ao 29 Auditorio Municipal. Exposición de pintura "UNHA PORTA DO RIAL" de Ehlaba Carballo e Rocio Prada
Martes a venres de 11:00 a 13:00 h, Sábado de 11:00 a 13:00 e de 17:00 a 20:00 h

Día 10, sábados e días de verbena na rúa Esperanza. Exposición de Reloxos e Esculturas "EL MUÑECO DEL RELOJ"

Praza Maior, nº 20. Exposición de cadros ao óleo da Academia de pintura Iris

deporte

Venres 2 a sábado 11

Pistas de tenis da Freixa. VIII TORNEO CONCELLO DE PONTEAREAS DE TENIS

Sábado 3

16:00 h Praza Maior. BASKET NA RUA 3X3
17:00 h Praza Maior. TAI-CHI NA RUA

Domingo 18

10:00 h Saída do Parque da Cana en Salvaterra ata a Ponte dos Remedios. CARREIRA RIBEIRA DO TEA

actos relixiosos

VIRXE DOS REMEDIOS

30, 31 de agosto e 1 de setembro

19:30 h Novena e misa na Igrexa Parroquial

20:30 h Novena na Capela dos Remedios

De 2 ao 7

19:30 h Novena e misas na Igrexa Parroquial

Xoves 8

10:00 h Misa na Capela dos Remedios

12:00 h Misa na Igrexa Parroquial

19:30 h Misa na Igrexa Parroquial e procesión

SAN MIGUEL

De 20 ao 28

19:30 h Novena e misa na Igrexa Parroquial

Xoves 29 (festivo local)

10:00 h Misa

12:00 h Misa e procesión

e ademais...

Sábado 3

22:30 h Feira Vella. CONCERTO SOLIDARIO CO POBO SAHARAUI. Organiza Sogaps Galicia

Sábado 11 e domingo 12

22:00 h Arcos. IX Festival Música Electrónica "Aquatea". Organiza Asociación Provincial de Música Electrónica

Sábado 17

20:00 h Gullade. VIII ENCONTRO DE CORAIS: Coro Vegazana (León), Coro Santa Eulalia (Luarca - Asturias), Coral Ars Cantorum (Gullade - Ponteareas). Organiza Asociación de Vecinos de Gullade

Feira Vella. Xantar solidario e actuacións musicais. Organiza Ponte Solidario

Domingo 18

10:00 h Ribadetea. Andaina pola parroquia e Ecofirón. Organiza Centro Cultural de Ribadetea

Venres 30 e sábado 1

Feira Vella. FESTIVAL DAS BRÉTEMAS. Organiza Asociación Festival das Brétemas

Novas da Raia

PONTEAREAS

A oitava edición do Torneo de Tenis Concello Ponteareas terá lugar nas pista da Freixa do 2 ao 11 de setembro



“A inscrición a este torneo foi aberta a todo o público. É popular, isto é, non é necesario estar federado, con ter unha raqueta e ganas de pasalo ben é suficiente”, explica Juan Carlos Fdez. Márquez, vocal do Club Tenis Ponteareas. “Desde a Concellería seguiremos apoiando torneos de este tipo, que ten-

tan promover o deporte para todos os públicos e implican ao maior número de xente posible. Esperemos que todos os participantes teñan unha competición entretida, e convido aos veciños e veciñas de Ponteareas a se achegar a ver os partidos”, indica o concelleiro de Deportes, Benito Márquez.

A Concellería de Cultura clausura o curso Ponte a Cociñar de 2016

O obradoiro para nenas e nenos foi un éxito de participación, con máis de sesenta nenas e nenos e dúas quendas, durante as mañás de todos os martes dos meses de xullo e agosto no Mercado Municipal. O taller organizado pola Concellería de Cultura, coordinada por Hortensia Bautista, e impartido pola monitora Teresa Castro, que contou coa colaboración das traballadoras dos departamentos de Cul-

tura e a Biblioteca-Museo, ensinou ás máis pequenas e pequenos receitas para iniciarse no mundo da cociña de xeito divertido.

“Foi un auténtico éxito de participación, a acollida foi estupenda, por parte dos pais e nais, e dos nenos e nenas. Esperamos poder repetir o vindeiro ano a experiencia e mellorala”, explica a concelleira de Cultura e Lecer, Hortensia Bautista.



O Concello de Ponteareas convoca o XLIX Concurso de Gaitas

Poderán solicitar a súa participación no concurso todos os grupos de gaitas de Galicia e dos Centros Galegos do Estado Español e do estranxeiro que toquen con gaita tradicional, sen modificación de ningún tipo

O vindeiro 24 de setembro un máximo de 12 grupos presentarán ás pezas no tradicional e prestixioso certame a realizar no Auditorio Municipal.

A data límite para presentar a solicitar a inscrición na cuadraxésimo novena edición do Concurso de Gaitas de Ponteareas é o 13 de setembro de 2016. O modelo está dispoñible no Departamento de Cultura ou na web, e dirixiranse ao Rexistro de Entrada do Ilmo. Concello de Ponteareas para a súa presentación.

Cada un dos grupos participantes proporcionará coa inscrición, debidamente cumprimentada, o enderezo e número de teléfono de contacto. A selección será por rigoroso orden de inscrición. A orde de participación no concurso será a correspondente coa orde de inscrición. O día 15 de setembro, o Concello resolverá a listaxe de grupos admitidos no concurso, notificándoo a todos os inscritos. As bases tamén poden ser consultadas no

Departamento de Cultura ou na web do Concello de Ponteareas.

Os grupos participantes estarán ás 16:30 horas da tarde do sábado, día 24 de setembro de 2016, diante do edificio da Casa do Concello de Ponteareas, a fin de percorrer as rúas da vila interpretando melodías galegas ata o Auditorio Reveriano Soutullo, onde a partir das 17:30 horas terá lugar o XLIX Concurso de Gaitas de Ponteareas.

O Concurso de Gaitas de Ponteareas estará dotado dos seguintes premios:

1º PREMIO	1.800,00 euros
2º PREMIO	1.200,00 euros
3º PREMIO	900,00 euros
4º PREMIO	600,00 euros

O Concello de Ponteareas abonará a todos os grupos participantes, que non obteñan premio en metálico, a cantidade de 200 euros pola actuación realizada.



O potencial Artístico da vianesa

Promovido por Isabel Lima, na 3ª edição de “Viana está na moda”



A terceira edição de Viana está na moda foi um evento cultural de celebração da identidade da vianesa.

Não poderia ter sido escolhido um espaço de maior nobreza e simbolismo para acolher esta edição, onde foram apresentadas duas coleções de Isabel Lima, criadora cujas obras e intervenções conquistaram o carinho dos vianenses.

Do Campo da Agonia apreciamos o eixo que se estende da frente ribeirinha ao emblemático Castelo de Santiago da Barra, um dos polos da expansão poente da urbe Vianense concretizada a partir do século XVI, espaço marcante da consolidação da sua relação com o Atlântico. A história do Santuário da Senhora da Agonia, padroeira dos pescadores, remonta ao último quartel do século XVII, com a edificação em 1674 de uma capela em invocação ao Bom Jesus do Santo Sepulcro do Calvário. As recentes intervenções de requalificação urbanística que beneficiaram este espaço conferiram-lhe esta harmonia entre a herança arquitetónica do passado e a amplitude visual aberta pela modernidade.

Em consonância com este espírito, as coleções que desfilaram na escadaria do Santuário expressaram a capacidade notável de assimilar a estética da tradição e os valores que representam e os transformam, reinventando e fazendo renascer sob a forma de peças que podemos envergar com orgulho.

Isabel Lima narrou parte da história e da cultura das gentes e das terras de Viana do Castelo e do Alto Minho, expressou nos motivos ornamentais, nas cores e nas formas que preservam o vínculo ancestral entre o povo, o seu modo de vida, a natureza e as paisagens de um concelho entre a serra, o rio e o mar.

“Quem abala de Viana
Leva no peito a Agonia...”

O Lima corre no sangue
Nos olhos Santa Luzia”.

O silêncio e recolhimento da maior parte do ano do Santuário de Nossa

Senhora d’Agonia, com o mar a servir de banda sonora e gente da Ribeira a receber aqueles que chegam para partilhar da sua bênção, ajudando-nos a recuperar a memória colectiva.

É louvável a preservação da memória!

Isabel Lima com ligação às artes, relacionamento de proximidade com pessoas de causas que prestam atenção às culturas locais e ao diálogo de linguagem técnico-científica como linguagem popular, valorizando o trabalho manual, reconsiderando técnicas tradicionais, comungando da ciência Isabel Lima apresenta vestuário como forma de expressão através da arte.

Aliando o conceito de moda à vontade de fazer cultura, integra a indumentária no luxuoso património da “ourivesaria portuguesa e no traje” transpondo o artesanal para o lado contemporâneo e buscando inspiração na “arte de trabalhar o ouro e o traje”,

A paixão pelo “ourar e trajar” da Vianesa, que exhibe ao peito peças de ouro, não apenas como enfeite, mas como símbolo de prestígio social foram as razões da intervenção de índole cultural.

Usando critérios de carácter sociológico, interagindo com o património e a sua dimensão sócio histórica, Isabel Lima apresentou “Roupa como objecto de Arte”.



Viana do Castelo, símbolo maior, terra de contrastes!

O sortilégio deste recanto de Portugal, exuberante de cores, concorreu de certo modo para criar na mente dos seus habitantes uma noção do BELO!

Os profusos motivos florísticos levaram D. Maria II a chamar ao Minho “Jardim de Portugal”.

Os matizes da paisagem exercem influência na personalidade da minhota. Afonso do Paço no seu livro “Etnografia” cita:

“Em qualquer dia da semana nas soleiras das aldeias do Minho, as raparigas pendendo o tronco desenhando bordados ao sabor da sua imaginação e fantasia”

Os trajes e bordados atingiram notável craveira, fruto da imaginação e sensibilidade das tecedeiras e bordadeiras.

Leandro Quintas Neves, etnógrafo vianense, escreveu:

“São exemplo notório os trajes de Viana do Castelo, com a sua gama intensa que tanto impressionou Ramalho Ortigão e levou Cláudio Basto a publicar o seu estudo – “O Traje à Vianesa.”

Todas as peças do traje são de tecelagem caseira e Ramalho Ortigão relata nas “Farpas”:

“A rapariga rural de Viana está dos pés à cabeça ricamente vestida pelo trabalho que ela só executa desde a primeira manipulação das substâncias primas à matéria bruta até ao último ponto de costura e à última malha de renda”.

“De duas ovelhas, de uma leira de terra e dum punhado de sementes ela extrai pela sua aptidão pelo seu talento todo o enxoval do seu noivado e todo o bragal da sua família” O traje à vianesa tornou-se um símbolo da identidade regional, sendo o etnógrafo Amadeu Costa incansável lutador pela criação do museu do traje, para que este cumprisse a missão de estudar e divulgar os trajes. O traje alcançou tal expoente em Viana do Castelo passando a dedi-



car-lhe anualmente uma festa enquadada na Romaria d’Agonia. “O cortejo da mordomia” e a “festa do traje”.

A sua confecção revela enorme criatividade!

A tecelagem, a técnica de bordar, os materiais; a lã e o linho, os desenhos, o colorido, a profusão de elementos decorativos; os ornatos diversos, os motivos vegetais como; as camélias, os cravos, as marias, a rosa, o lírio a campânula, as heras, as parras da vide, as folhas de carvalho, o trevo são elementos presentes nos bordados, que nasceram das ornamentações do traje.

Isabel Lima promove o potencial artístico da Vianesa!

“Tua saia à Vianesa
Quando na roda te vi
Fez ainda mais acesa
A minha Paixão por ti”.

“Muito em parece o oiro
No peito duma donzela
Menina se quer ter honra
Menina faça por ela”.

Não se pode dizer que se conhece o Santuário de N.ª Senhora d’Agonia sem ver o “Céu Estrelado” a partir da sua escadaria, lugar incontornável conjugando arte com devoção e vi-

sitantes focados no turismo religioso.

A Mulher de Viana usa o ouro associado à exuberância do traje e complementa-o com os cordões de ouro, onde pendem peças com libras de cavalinho, e nas orelhas pendem os brincos à rainha, fabricados em chapa de ouro, recortados com fina serra e cinzelados até adquirirem formas desejadas.

Brincos usados por mulher fidalgua, burguesa, rica.

Muitas peças de ouro são potencializadas com os trajes ricos, numa manifestação de orgulho, que se alardeia por ocasião da Romaria d’Agonia.

A gramalheira é o símbolo da maior ostentação!

Feita em folhas de louro, adornada com pérolas, contas e exuberantes motivos florais, atinge a apoteose como peça de ouro associado ao traje.

No século XVIII a ourivesaria portuguesa é impulsionada com a exploração dos jazigos de ouro brasileiro. Época de exuberância e fausta, onde a ourivesaria se torna uma das artes mais criativas.

A História e as estórias da ourivesaria portuguesa, as memórias, o simbolismo e as funções das peças de ouro que as minhotas usam ao peito, nascidas do génio artístico, são aqui, enquanto espetáculo, uma expressão de arte viva.

A magia do ouro como enfeite e riqueza, a arte da filigrana portuguesa, trabalho ornamental feito de fios muito finos e pequenas bolas de metal soldadas de forma a compor o desenho, técnica mais antiga do mundo, e todos os minuciosos trabalhos por que passa o ouro até se transformar nas peças artísticas que as vianesas usam, fazem com que se tenha tradição, cultura popular e “a minhota valendo ouro.”

O coração da minhota foi-se tornando um símbolo de cultura popular e Viana do Castelo adotou-o com sentimento de pertença. Usado pelas vianesas, sofreu várias atualizações conforme design de artistas e o potencial que a filigrana tem para ser trabalhado.

Na composição de formas e cores temos movimentos artísticos. No corpo, como obra de arte, e em jovens modelos, como esculturas em movimento, a magia do ouro aconteceu!

Como sinal de pujança e riqueza pelas mãos de Isabel Lima o ouro cada vez é mais ouro na escadaria do santuário dedicado a Nossa Senhora d’Agonia, onde no Minho, até “Nossa Senhora veste à lavadeira”.

O Estado de Coahuila implícase en Termatalia México

O director de Termatalia, a Feira Internacional do Turismo Termal, Saúde e Benestar, mantivo unha reunión co gobernador de Coahuila, Rubén Moreira Valdez, a quen lle informou sobre as accións así como os beneficios que reportará para o Estado de Coahuila de Zaragoza albergar unha feira internacional destas características. Alejandro Rubín informou o Gobernador que profesionais, empresas e institucións de 25 países confirmaron xa a súa presenza en Termatalia México, que se celebrará entre o 29 de Setembro e o 1 de outubro deste ano en Arteaga. A feira dará comezo cun programa de conferencias de carácter técnico con profesionais internacionais renombrados no tema médico termal, benestar, cosmético e de saúde, que ademais estará complementado por unha ampla oferta de formación, o que a converte nun centro de capacitación termal internacional que todos os profesionais me-

xicanos deberían aproveitar. Numerosos destinos turísticos internacionais e os propios do país, daránse a coñecer entre os visitantes da feira, as empresas tour operadoras e os medios de comunicación especializados que se desprazarán ata México. Ademais, a feira contará cun espazo para expoñer proxectos de investimento e ata 50 actividades paralelas. O director tamén comunicou ao gobernador que está confirmada a asistencia de dúas universidades galegas, entre elas a de Vigo, contando esta con o Campus da auga e o Máster en Turismo de Saúde e Interior, e a Universidade de Santiago de Compostela que conta cunha Cátedra de Hidroloxía Médica. Rubén Moreira remarcou a importancia de que Universidades Coahuilenses participen dunha ligazón educativa con centros españois. O gobernador mostrou o gran crecemento que Coahuila logrou nos últimos anos, onde cada temporada vacacional supéranse as ci-

fras anteriores, inclusive é difícil conseguir habitacións durante os fins de semana en destinos como Pobos Máxicos. "Coahuila está listo" sinalou o gobernador, e "van probar a nosa hospitalidade, os nosos viños e gastronomía". Ante medios de comunicación, Rubén Carballo sinalou que Coahuila mostrará ao mundo como facer negocio, e que despois da conversación con Rubén Moreira entende que están no Estado ideal para levar a cabo Termatalia. O Estado conta con máis de 100 mananciais de augas termais, o emblema é Termas de San Joaquín, pero tamén ten Pobos Máxicos, e o Enoturismo, e isto pode significar que un destino moi industrial se abra á parte turística, e esa ocupación hostaleira que descende o fin de semana compénsese. "O Estado de Coahuila pode chegar a situarse de maneira importante

neste sector, xa que o seu potencial termal é enorme, non só en termos de gozar senón tamén de explotación industrial, e o seu

medio ambiente. Estamos seguros de que o desenvolvemento será exponencial nos próximos anos", declarou Rubén.



■ Alejandro Rubín co gobernador do Estado de Coahuila (México).



FUNERGAL

9ª Feria Internacional de Productos y Servicios Funerarios
11 y 12 de Noviembre de 2016
OURENSE - GALICIA - ESPAÑA

SOLICITA YA TU ACREDITACIÓN PROFESIONAL EN:
www.funergal.com



PARTICIPA EN EL CENTRO DE NEGOCIOS PARA ESPAÑA Y PORTUGAL

Organiza



Patrocinador



Partners

